

**SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DA CORPORACIÓN DO DÍA 23 DE
FEBREIRO DE 2012**

No salón de sesións da casa do Concello de Cambre, ás vinte horas do día vinte e tres de febreiro de dous mil doce, baixo a presidencia do señor alcalde don Manuel Rivas Caridad, reúnese en sesión ordinaria, en primeira convocatoria, a Corporación municipal en Pleno.

Asisten os señores concelleiros dona M^a Jesús González Roel, don Felipe Andreu Barallobre, dona Rocío Vila Díaz, don Fernando Caride Suárez, dona Marta María Vázquez Golpe e don Santiago Manuel Ríos Rama, do PP; don Augusto Rey Moreno, don José Manuel Lemos Seoane, dona Margarita Iglesias Pais, don Jesús Bao Bouzas e dona María Luisa Sanjurjo Cacheiro, do PSdeG-PSOE; don Óscar Alfonso García Patiño e dona Elisa Pestonit Barreiros, de UniónxCambre; don Luis Miguel Taibo Casás e dona María Olga Santos López, de EU; don Alfredo Rodríguez Abella e dona María Victoria Amor Prieto, do BNG; e integrando o Grupo Mixto, don José Antonio Baamonde López, de Progresistas de Cambre e don Manuel Marante Gómez, do Partido Galeguista Demócrata.

Non asiste, con escusa, don José Antonio Orosa Fernández, de UxC.

Asisten dona M^a Irache Enríquez Albaina, interventora, e dona M^a Luisa de la Red Ampudia, como secretaria da Corporación.

Antes de comezar a sesión, o Sr. alcalde, en nome da Corporación e dos empregados do concello, manifesta o seu pésame a don José Antonio Orosa Fernández polo falecemento da súa nai, no día de hoxe.

Aberto o acto pola presidencia, examináronse os asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

1º Aprobación, se procede, dos borradores das actas correspondentes á sesión ordinaria do día 22 de decembro de 2011, sesión ordinaria do día 19 de xaneiro de 2012 e sesión extraordinaria do día 26 de xaneiro de 2012

O Sr. presidente pregunta aos asistentes se desexan formular algunha observación aos borradores das actas correspondentes á sesión ordinaria do día 22 de decembro de 2011, sesión ordinaria do día 19 de xaneiro de 2012 e sesión extraordinaria do día 26 de xaneiro de 2012.

Don Luis Miguel Taibo Casás, voceiro de EU, solicita que no borrador da acta da sesión extraordinaria do día 26 de xaneiro de 2012, o Sr. alcalde retire as manifestacións que

figuran na páxina 34, parágrafo 3º. Concretamente a primeira frase que di: “*Di que EU puxo unha propaganda sabe que non é verdade*”.

O Sr. alcalde amosa a súa conformidade.

Non se formulan máis alegacións polo que, a Corporación, por unanimidade dos vinte concelleiros asistentes á sesión, aprobou os citados borradores, coa modificación solicitada polo voceiro de EU na acta da sesión extraordinaria do día 26 de xaneiro de 2012.

2º Proposta de solicitude de adhesión ao convenio de colaboración suscrito entre o organismo autónomo Xefatura Central de Tráfico e a Federación Española de Municipios e Provincias para o intercambio de información e a mutua colaboración administrativa

Vista a proposta de Alcaldía de data 3 de febreiro de 2012.

Visto o ditame favorable emitido pola Comisión Informativa de Seguridade Cidadá, Mobilidade, Cultura e Turismo de data 22 de febreiro de 2012.

Concedida a palabra a don Jesús Bao Bouzas, concelleiro do PSdeG-PSOE, manifesta que ao seu grupo parécelle perfecto este convenio, xa que lle vai dar aos veciños un servizo máis, no sentido de non ter que desprazarse á Coruña. O que si lles gustaría, se é posible, é que, ao igual que isto pode ser automático para as persoas cando se empadroen, facer un aviso, a través da páxina web do concello ou dos paneis informativos, por se algún veciño dos que xa están empadroados tamén quere firmar esa solicitude para que os seus datos automaticamente se lle pasen á Xefatura Central de Tráfico.

Conclúe dicindo que no resto están de acordo.

O Sr. alcalde amosa a súa conformidade.

Concedida a palabra a don Óscar Alfonso García Patiño, voceiro de UxC, manifesta que o seu grupo vai manter o voto das comisións, a abstención.

Concedida a palabra a don Luis Miguel Taibo Casás, voceiro de EU, manifesta que o seu grupo vai votar a prol, pero gustaríalles que se explicara un pouco do que están falando, porque seguramente a xente que está aquí non sabe de que se trata, nin que significa o acordo que fai o Concello de Cambre coa Xefatura Central de Tráfico.

O Sr. alcalde explica que o convenio consiste basicamente en que hai moita xente que cambia de municipio, fai os trámites correspondentes no padrón de habitantes, pero moitas veces non fai o cambio de domicilio do vehículo. Como facer iso é obrigatorio, chegaron a un acordo con Tráfico para que, a través do concello, de paso que se fai o

empadramento, se poida facer tamén o cambio dos datos dos vehículos. Esa colaboración acadada con este convenio que se vai asinar con Tráfico, vai levalos cara á firma de máis convenios a prol dos veciños, co fin de que poidan dispor de máis servizos no concello, e facilitarlles na medida do posible os trámites administrativos.

Concedida a palabra a don José Antonio Baamonde López, voceiro do GM, manifesta que vai modificar o voto emitido na comisión informativa, e votar a prol da proposta.

Sometido o asunto a votación ordinaria, votan a prol os sete concelleiros do PP, os cinco concelleiros do PSdeG-PSOE, os dous concelleiros de EU e os dous concelleiros do GM, e abstéñense os dous concelleiros presentes de UxC e os dous concelleiros do BNG.

A Corporación, por dezaseis votos a prol, acordou:

Solicitar a adhesión íntegra do Concello de Cambre, ao convenio subscrito entre o organismo autónomo Xefatura Central de Tráfico e a Federación Española de Municipios e Provincias para o intercambio de información e a mutua colaboración administrativa, asinado en Madrid o 15 de marzo de 2006.

3º Proposta de informe favorable á revisión das tarifas de auto-taxis de Cambre para o ano 2012

Vista a proposta do concelleiro delegado da área de Deportes, Xuventude e Voluntariado de data 1 de febreiro de 2012.

Visto o ditame favorable emitido pola Comisión Informativa de Seguridade Cidadá, Mobilidade, Cultura e Turismo de data 22 de febreiro de 2012.

Concedida a palabra a don Luis Miguel Taibo Casás, voceiro de EU, manifesta que nun momento no que parece que toda a presión fiscal recae sobre os cidadáns, os poderes públicos teñen a obriga de buscar algún tipo de alternativa, para que estas presións recaian o menos posible nos cidadáns. Por todo isto, solicitan que se busque negociar con estes colectivos outras posibilidades para que as repercusións económicas das subidas non teñan tanta incidencia nos cidadáns que fan uso destes servizos.

Sometido o asunto a votación ordinaria, votan a prol os sete concelleiros do PP, os cinco concelleiros do PSdeG-PSOE, os dous concelleiros de EU e os dous concelleiros do GM, e abstéñense os dous concelleiros presentes de UxC e os dous concelleiros do BNG.

A Corporación, por dezaseis votos a prol, acordou:

Primeiro: Informar favorablemente a revisión das tarifas de auto-taxis de Cambre para o ano 2012, que supón unha subida media do 2,15% sobre as tarifas actuais, obtendo os seguintes resultados, IVE do 8% incluído.

Tarifa diurna (aplicable os días laborais dende as 06:00 horas ata as 22:00 horas e os sábados dende as 06:00 ata as 16:00 horas).

- Baixada de bandeira	1,45 euros
- Quilómetro percorrido	1,05 euros
- Hora de espera	17,43 euros
- Contía mínima	3,30 euros

Tarifa nocturna (aplicable en días laborais dende as 22:00 horas ata as 6:00 horas, os sábados dende as 16:00 horas e os domingos e festivos as 24 horas).

- Baixada de bandeira	1,70 euros
- Quilómetro percorrido	1,29 euros
- Hora de espera	21,72 euros
- Contía mínima	4,05 euros

Suplementos

- Por servizos con saída ao aeroporto de Alvedro	3,45 euros
--	------------

Segundo: Publicar o correspondente anuncio no taboleiro de anuncios do concello, co fin de que durante o prazo de dez días a contar dende o seguinte ao da publicación, poidan presentar cantas alegacións estimen oportunas. O expediente está a disposición dos interesados, no primeiro andar do concello, servizo de auto-taxis.

Terceiro: No suposto de que non se presenten alegacións, entenderase elevado a definitivo o acordo de revisión das tarifas e remitirase o expediente á Comisión de Prezos de Galicia, solicitando o correspondente informe favorable para a súa posterior aprobación pola Dirección Xeral de Comercio da Consellería de Economía e Industria.

4º Proposta de aprobación inicial, se procede, da Ordenanza reguladora do uso de instalacións deportivas do Concello de Cambre

Vista a proposta do concelleiro delegado da área de Deportes, Xuventude e Voluntariado de data 17 de febreiro de 2012.

Visto o ditame favorable emitido pola Comisión Informativa de Educación, Deportes, Xuventude e Benestar Social de data 22 de febreiro de 2012.

Concedida a palabra a don Óscar Alfonso García Patiño, voceiro de UxC, manifesta que o concelleiro de Deportes informoulles onte que, a principios de ano, pasáranlle esta

ordenanza a todas as asociacións deportivas. Simplemente quere dicirlle ao goberno municipal que, como mínimo, ao mesmo tempo que se fixo iso, tería que terse pasado ao resto da oposición. Xa o dixeron na xunta de voceiros e reiterano agora, e agardan que no sucesivo sexa así.

Concedida a palabra a don Fernando Caride Suárez, concelleiro de Deportes, manifesta que, como xa dixo onte nas comisións, a comunicación ás entidades foi de forma oficiosa, por se querían facer algún tipo de modificación antes de levala a pleno. Foi con carácter totalmente informal e, polo tanto, está fóra do procedemento de trámite da ordenanza. Aos grupos políticos pasóuselles en tempo e forma, tal e como establece a normativa aplicable.

Concedida a palabra a don Óscar Alfonso García Patiño sinala que a el lle dá igual que sexa formal ou informal, o que agradecería é que llela pasasen ao mesmo tempo, nada máis, é un rogo.

Sometido o asunto a votación ordinaria, votan a prol os sete concelleiros do PP, os cinco concelleiros do PSdeG-PSOE e os dous concelleiros do GM, e abstéñense os dous concelleiros presentes de UxC, os dous concelleiros de EU e os dous concelleiros do BNG.

A Corporación, por catorce votos a prol, acordou:

Primeiro: Aprobar inicialmente a Ordenanza reguladora do uso de instalacións deportivas do Concello de Cambre.

Segundo: Abrir un período de información pública e audiencia aos interesados por prazo de trinta días mediante anuncios publicados no Boletín Oficial da Provincia e taboleiro de anuncios do concello, co fin de que poidan presentarse reclamacións e suxestións que serán resoltas pola Corporación.

Terceiro: No caso de que non se presenten reclamacións ou suxestións, entenderase definitivamente adoptado o acordo ata entón provisional, e, polo tanto, definitivamente aprobada a ordenanza de referencia.

5º Proposta de cesión de uso á Cruz Vermella Española do local sito na urbanización da Barcala, praza Amador e Daniel n.º 24-A

Vista a proposta de Alcaldía de data 17 de febreiro de 2012.

Visto o ditame favorable emitido pola Comisión Informativa de Réxime Interior, Economía e Facenda de data 22 de febreiro de 2012.

Concedida a palabra a dona M^a Jesús González Roel, concelleira de Igualdade, Benestar Social, Sanidade e Educación, manifesta que esta proposta que fan hoxe de ceder un

local na Barcala para a utilización pola Cruz Vermella, pensan que é algo moi beneficioso para Cambre. Trátase dun baixo que actualmente non se está utilizando para nada, e tampouco había unha previsión de utilizalo nos próximos dez anos.

Reitera que é algo beneficioso para Cambre, tendo en conta todos os programas que leva a cabo a Cruz Vermella nos concellos onde está situada.

Concedida a palabra a don Jesús Bao Bouzas, concelleiro do PSdeG-PSOE, manifesta que o seu grupo celebra a decisión da Cruz Vermella de instalar unha sede permanente en Cambre. Sobra dicir os numerosos servizos que esta organización prestou e presta á sociedade, especialmente aos colectivos máis desfavorecidos. Valoran así mesmo que esta solicitude permita poñer en valor un dos inmobles propiedade municipal, actualmente infrautilizados.

Tamén agradecen o ofrecemento realizado dende o grupo do goberno a todos os integrantes da Corporación, á hora de redactar o convenio de colaboración coa Cruz Vermella Española. En relación con isto, ademais das actuacións e servizos relacionados na documentación facilitada, susceptibles de figurar no convenio de colaboración, pide que se inclúa, como dixeron onte nas comisións informativas, a petición expresa de instalar unha base permanente de servizo de ambulancia que permita reforzar determinadas intervencións dos servizos de Protección Civil municipal e garantice unha presenza dos servizos sanitarios que ofrece Cruz Vermella en eventos organizados ou autorizados polo concello, por exemplo o entroido, Rock in Cambre, magosto, etc.

Para terminar, tamén comentaron onte na comisión, que o informe de Secretaría recomenda que ante a falta dun posicionamento explícito no informe técnico que recolla a non previsión de uso ou necesidade das dependencias municipais suxeitas ao mencionado convenio, sexa a Corporación quen estime a dita circunstancia. Neste sentido, dende o grupo municipal socialista elevan á consideración desta Corporación, a proposta de que se estableza a non previsible necesidade de utilización do inmovible obxecto de cesión, equiparándoo ao período de vixencia do convenio de colaboración, isto é, quince anos máis cinco de prórroga. Deste modo evitarían posibles revisións motivadas por interpretacións do regulamento, e, por outra parte, transmiten todas as garantías de estabilidade á Cruz Vermella, xa que a lei fala de dez anos, e a Corporación pode interpretar que poden ser máis. Poden evitar esas interpretacións, porque está nas súas máns equiparar a vixencia do convenio á non dispoñibilidade de utilización desas dependencias pola Corporación.

Conclúe dicindo que os socialistas de Cambre recoñecen, e tamén se recoñecen, nos servizos e valores que Cruz Vermella presta e representa e, polo tanto, o seu voto vai ser favorable á proposta.

Concedida a palabra a don Luis Miguel Taibo Casás, voceiro de EU, manifesta que o seu grupo tamén recoñece que esta é unha grande oportunidade para Cambre. Vai

supoñer que se poida prestar axuda ás persoas menos favorecida, na aplicación de programas como poden ser o banco de alimentos que eles xa solicitaron neste pleno, e, polo tanto, non lles queda máis que votar a prol, e incluso aplaudir este tipo de iniciativas.

Concedida a palabra a don Alfredo Rodríguez Abella, voceiro do BNG, manifesta que van cambiar o voto de abstención das comisións, e votar a prol.

Concedida a palabra a dona M^a Jesús González Roel, agradece o apoio amosado por todos os grupos, e manifesta que do que se trata hoxe é de aprobar a cesión do local. Cando fagan o convenio, tratarán o tema da ambulancia e calquera outra suxestión que fagan os grupos, será nese momento cando se decida que pedir á Cruz Vermella, non está implícito agora na cesión do local.

Concedida a palabra a don Jesús Bao Bouzas sinala que, en calquera caso, a documentación recolle que como preámbulo para ese futuro convenio de colaboración se estableza a cesión do local, é dicir, o obxecto é ceder o local, para con posterioridade poder gozar dos servizos que a Cruz Vermella ofrece, servizos que se relacionan na documentación e que van ser motivo do convenio de colaboración.

Sometido o asunto a votación ordinaria, votan a prol os sete concelleiros do PP, os cinco concelleiros do PSdeG-PSOE, os dous concelleiros presentes de UxC, os dous concelleiros de EU, os dous concelleiros do BNG e os dous concelleiros do GM.

A Corporación, por unanimidade dos vinte concelleiros asistentes á sesión, acordou:

Primeiro: Cualificar como ben patrimonial o local sito na urbanización da Barcala, con enderezo en praza Amador e Daniel, n.º 24, que forma parte do inscrito no Rexistro da Propiedade número tres da Coruña, número de finca 24.425, tomo 2.569, libro 263, folio 143, alta 2.

Segundo: Ceder gratuitamente o uso de 147,11 metros cadrados do local sito na urbanización da Barcala, con enderezo en praza Amador e Daniel, n.º 24-A, á institución humanitaria de carácter voluntario e de interese público, Cruz Vermella Española, coa finalidade de que implante no noso Concello as actividades sociais que lle son propias, adecuando as ditas actividades ás necesidades concretas do Concello de Cambre, e colabore nos distintos programas municipais que se desenvolvan en beneficio dos habitantes máis desfavorecidos desta localidade (atención a persoas maiores, acollemento familiar, alimentos para a solidariedade, animación hospitalaria, inserción sociolaboral, teleasistencia domiciliaria, etc...).

Terceiro: A cesión terá un periodo de duración de quince anos dende a finalización das obras de reparación e acondicionamento, acreditada mediante a presentación, no Rexistro Xeral do Concello, do certificado final de obra. Este prazo será prorrogable, de forma expresa e por mutuo acordo, por cinco anos.

Cuarto: Procederá a reversión do ben no caso de non destinarse este ao fin previsto unha vez rematadas as obras de acondicionamento e reparación ou deixase de destinarse posteriormente, no caso de non executarse as obras de reparación e acondicionamento por parte da entidade beneficiaria, ou por razóns de interese xeral debidamente apreciadas por este órgano, sen dereito a indemnización.

Os bens cedidos revertirán ao patrimonio municipal, no seu caso, con todas as súas pertenzas e accesións, tendo dereito o concello a percibir, logo de tasación pericial, os detrimentos experimentados no ben cedido.

En todo caso, o acto polo que se acorde a revogación unilateral e a reversión do ben estará debidamente motivado e precedido dos correspondentes informes técnicos.

Quinto: Os gastos correntes e de conservación e mantemento do local cedido serán por conta da entidade beneficiaria.

Sexto: Expoñer o expediente a información pública polo prazo de un mes no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e no taboleiro de anuncios do concello para os efectos de presentar alegacións, isto de conformidade cos artigos 8.2 e 110.1.f) do Real decreto 1.372/1986, de 13 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de bens das entidades locais. No suposto de que non se presenten alegacións, entenderase elevado a definitivo o acordo adoptado.

Sétimo: Comunicar o acordo definitivo á Dirección Xeral de Administración Local da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza da Xunta de Galicia, de conformidade co artigo 109.2 “in fine” do RBEL.

Oitavo: Formalizar o acordo definitivo en escritura pública e inscribilo no Rexistro da Propiedade e no Inventario de Bens que se está a elaborar, de conformidade cos artigos 113 e 151.2 da LPAP e 20 do RBEL.

6º Mocións

Fóra da orde do día, sométese a votación ordinaria a proposta de declaración de urxencia da moción conxunta presentada por todos os grupos que integran a Corporación. Votan a prol da urxencia os sete concelleiros do PP, os cinco concelleiros do PSdeG-PSOE, os dous concelleiros presentes de UxC, os dous concelleiros de EU, os dous concelleiros do BNG e o concelleiro de Progresistas de Cambre integrante do GM, e abstense o concelleiro do Partido Galeguista Demócrata integrante do GM.

Así pois, a Corporación, por dezanove votos a prol, aprobou a declaración de urxencia da moción presentada.

A) Moción conxunta dos grupos municipais do Concello de Cambre en solidariedade, apoio, colaboración e impulso a prol da garda e custodia compartida

Remitida pola Unión Estatal de Federaci3ns e Asociaci3ns pola custodia compartida e rexistrada de entrada ao n3m. 988 o d3a 31 de xaneiro de 2012. Consta do seguinte teor literal:

“A igualdade real e efectiva entre homes e mulleres en todos os 3mbitos da vida 3 unha constante nos pa3ses democr3ticos e un obxectivo primordial na construcci3n dunha sociedade m3is xusta e igualitaria.

Igualmente, a Convenci3n sobre os dereitos do neno, proclamada pola Asemblea Xeral das Naci3ns Unidas o 20 de novembro de 1989, e ratificada polo reino de Espa3a o 30 de novembro de 1990, obriga aos estados a respectar o dereito dos nenos a manter relaci3ns persoais e contacto directo con ambos proxenitores de modo regular.

Na actualidade miles de cidad3ns espa3ois, incluídos tam3n miles de nenos e nenas, vense afectados por graves problemas trala separaci3n ou divorcio da parella. Segundo o Instituto de pol3tica familiar hoxe celébranse en Espa3a dous divorcios por cada tres matrimonios e est3mase que case a metade dos matrimonios que se contraen acaban, antes ou despois, en divorcio. Isto quere dicir que a masa de poboaci3n afectada 3 enorme. Non obstante, as leis que regulan as rupturas matrimoniais est3n anticuadas e 3 necesario reformalas, pois producen graves prexu3zos sobre todo nos menores, aos que non se lles garantiza o seu dereito m3is elemental de continuar convivindo cos seus dous pais de forma igualitaria e alterna, convert3ndose a mi3do en instrumento de arma arroxadiza ou en moeda de cambio para obter considerables beneficios materiais no proceso de divorcio.

Estas leis son normas dun pasado xa lonxano, que non ten en conta a transformaci3n da sociedade espa3ola, na que a muller logrou incorporarse con forza ao mercado laboral e polo tanto est3 en condici3ns de manter a s3a autonom3a. Pola s3a parte os var3ns adoptaron un papel activo na crianza dos fillos, impl3canse nos seus coidados dende o nacemento e prec3panse pola s3a educaci3n, o seu benestar e o seu futuro. En contra desa evoluci3n social, as normas relacionadas co divorcio impo3nen 3 muller a especializaci3n na crianza dos fillos e en consecuencia son normas que entran en contradic3n coas pol3ticas de igualdade e progreso que pretenden fomentar e consolidar o desenvolvemento profesional da muller.

Na actualidade o 3ndice de contenciosidade na resoluci3n das disoluci3ns matrimoniais sit3ase no 41%. Ademais, o actual modelo de divorcio imp3n, no 92% dos casos, que os fillos queden a cargo dun s3 proxenitor, mentres o outro pasa a ter, a mi3do de modo imposto, un papel secundario e sen relevancia ningunha, o que co tempo, na maior3a dos casos, trae consigo a desaparici3n dese referente na vida do menor. A perda inxustificada dun dos pais sup3n un drama para calquera neno, drama que acaba producindo desequilibrios emocionais que arrastrar3 na s3a adolescencia e na vida adulta.

As consecuencias deste sistema adversarial de gañadores e perdedores, lonxe de garantir o exercicio dos dereitos e deberes, incentiva o conflito no seo da familia, provocando a desaparición brutal dun proxenitor na vida dos seus fillos e dificultando enormemente a posibilidade de que o divorcio poida significar unha oportunidade real para refacer a vida dos adultos e ao mesmo tempo normalizar e harmonizar a vida dos menores cos seus dous pais.

Atendendo a criterios de dereitos dos nenos, así como de igualdade e corresponsabilidade dos proxenitores, son numerosos os países que teñen introducido a “garda e custodia compartida ou responsabilidade parental compartida” na súa lexislación. Tal é o exemplo de Alemania, Austria, Australia, Bélxica, Canadá, Dinamarca, EE.UU., Francia, Inglaterra e Gales, Italia, Portugal, República Checa, Suecia, Suiza, Argentina, Brasil, Colombia, Perú, Puerto Rico, etc.

Por outra parte e como demostran as enquisas de opinión publicadas recentemente así como as iniciativas lexislativas aprobadas en diversos concellos, parlamentos autonómicos, deputacións, xuntas xerais e Senado, a sociedade actual acepta e posiciónase maioritaria e claramente a prol da “garda e custodia compartida”, aínda a falta de acordo entre os pais.

ACORDO:

Esta Corporación municipal, sempre na súa obriga de velar polo mellor interese dos menores e por reivindicar e defender os dereitos civís dos cidadáns adultos e nenos, onde son vulnerados, acorda:

Primeiro: Considerar a figura xurídica da “garda e custodia compartida” dos fillos, como o maior garante do seu interese superior, o cal é por riba de calquera outro, continuar compartindo as súas vidas en igualdade temporal, espacial e legal, cos seus dous proxenitores.

Segundo: Considerar que a garda e custodia compartida constitúe un dereito fundamental dos menores, así como o recurso xurídico e familiar que de modo xeral asegura a igualdade das partes nestes procesos, impedindo que un dos proxenitores se eleve co monopolio exclusivo dos menores, co risco de utilización e manipulación deles.

Terceiro: Instar ao lexislador a que modifique o Código Civil para que este recolla o exercicio da garda e custodia compartida dende o mesmo momento en que se presenta ante o xulgado unha demanda de separación ou divorcio, agás os casos excepcionais que poidan producirse. O poder xudicial deberá velar por este dereito básico dos menores.

Cuarto: Dende o ámbito de responsabilidade municipal, esta Corporación comprométese a transmitir os valores de igualdade e de corresponsabilidade parental

que comportan a garda e custodia compartida, a todos os seus órganos e moi especialmente nas áreas de familia, igualdade e servizos sociais.

Quinto: Instar ás Cortes Xerais para que, de modo urxente, aborde as modificacións legais pertinentes no Código Civil, de maneira que figure a garda e custodia compartida como un dereito do menor cuxo exercicio tense que salvagardar de modo xeral aínda en defecto de acordo entre os pais, considerando igualmente as interaccións negativas que se producen coa Lei de violencia de xénero.

Sexto: Remitir esta moción ao Congreso dos Deputados, Senado, Defensor do Pobo, Valedor do Pobo, Consello Xeral do Poder Xudicial, Tribunal Constitucional, Fiscalía Xeral do Estado e Parlamento de Galicia.”

Concedida a palabra a don Augusto Rey Moreno, voceiro do PSdeG-PSOE, manifesta o seu apoio á moción nos termos nos que se presenta.

Concedida a palabra a don Óscar Alfonso García Patiño, voceiro de UxC, manifesta que o seu grupo tamén está totalmente de acordo.

Concedida a palabra a don Alfredo Rodríguez Abella, voceiro do BNG, manifesta que eles non poden estar máis de acordo coa proposta, o que si lle gustaría é que lle explicasen que vinculación ten esta moción co pleno de Cambre, e por que esta si é tratada como moción e respecto doutras hai unhas certas ameazas de que non se van tratar.

O Sr. alcalde contesta que agora van votar esta moción, e cando chegue o momento de tratar a moción presentada polo BNG, explícaralle as razóns.

Sometido o asunto a votación ordinaria, votan a prol os sete concelleiros do PP, os cinco concelleiros do PSdeG-PSOE, os dous concelleiros presentes de UxC, os dous concelleiros de EU, os dous concelleiros do BNG e os dous concelleiros do GM.

A Corporación, por unanimidade dos vinte concelleiros asistentes á sesión, aprobou a moción tal e como foi transcrita.

A continuación, o Sr. alcalde explica que van tratar unha moción que foi redactada polo voceiro de EU, pero que foi asinada por todos os grupos, respecto do mantemento dos postos de traballo en “Alcoa Inespal, S.A.”.

Don Luis Miguel Taibo Casás, voceiro de EU, aclara que el non se quere atribuír méritos que non son do seu grupo. O seu grupo o que fixo foi presentar unha moción que lles trasladaron os compañeiros do comité de empresa de Alcoa Inespal, da Coruña e tamén de Avilés, e que foi aceptada por todos os grupos da Corporación.

Fóra da orde do día, sométese a votación ordinaria a proposta de declaración de urxencia da moción conxunta presentada por todos os grupos que integran a Corporación. Votan a prol da urxencia os sete concelleiros do PP, os cinco concelleiros do PSdeG-PSOE, os dous concelleiros presentes de UxC, os dous concelleiros de EU, os dous concelleiros do BNG e o concelleiro de Progresistas de Cambre integrante do GM, e abstense o concelleiro do Partido Galeguista Demócrata integrante do GM.

Así pois, a Corporación, por dezanove votos a prol, aprobou a declaración de urxencia da moción presentada.

B) Moción conxunta dos grupos municipais do Concello de Cambre sobre o mantemento dos postos de traballo en “Alcoa Inespal, S.A.”

Rexistrada de entrada ao núm. 1969 o día 17 de febreiro de 2012, xunto con outra moción para este pleno. Consta do seguinte teor literal:

“Alcoa Inespal A Coruña, é unha empresa establecida no polígono industrial da Grela que actualmente pertence á multinacional do aluminio Alcoa.

No pasado ano 2011 vén de cumprir 50 anos de actividade, dedicándose á produción de aluminio. Actualmente o cadro de persoal da empresa está composto por 420 traballadores da propia empresa e máis de 100 en empresas auxiliares.

Xa no ano 2009 unha parte importante da produción foi deslocalizada, e parou definitivamente unha liña de produción de 20.000 Tn anuais de alambión.

A primeiros deste ano 2012, Alcoa anuncia que vai reducir a súa capacidade de produción mundial en 531.000 Tn, para o primeiro semestre. Así, 90.000 repartiranse nas fábricas da Coruña e Avilés, afectando dun xeito importante á súa fabricación e conseguintemente ao mantemento dos postos de traballo e xeración de emprego nas dúas cidades.

Aos poucos días do dito anuncio, a dirección de Alcoa na Coruña e Avilés anuncia que ten planeado un recorte de produción do 50% para cada unha das fábricas e que ten pensado presentar un ERE de suspensión temporal, cunha duración de 12 meses, para o 50% do cadro de persoal na Coruña e do 41,6% en Avilés.

Dada a actual situación de crise económica que estamos a padecer en todos os sectores produtivos do país, a perda de actividade industrial de Alcoa suporía unha catástrofe para a economía da comarca, xa que desta actividade dependen directamente máis de 500 familias, e quizais miles indirectamente.

Polo exposto a Corporación municipal de Cambre aproba a seguinte proposta:

Primeiro: Instar á Xunta de Galicia e ao goberno de España a buscar solucións para o mantemento da actividade industrial e os postos de traballo ameazados que permitan acadar tarifas enerxéticas competitivas para as grandes consumidoras, especialmente no caso de Alcoa, de tal forma que incida nunha mellor posición de mercado das grandes empresas instaladas na nosa comarca, como é o caso da factoría coruñesa antes mencionada, e o mantemento da actividade e emprego, nestes momentos de especiais dificultades económicas e financeiras.

Segundo: Dar traslado da presente moción ao comité de empresa de Alcoa, e á súa dirección na Coruña.”

Sometido o asunto a votación ordinaria, votan a prol os sete concelleiros do PP, os cinco concelleiros do PSdeG-PSOE, os dous concelleiros presentes de UxC, os dous concelleiros de EU, os dous concelleiros do BNG e os dous concelleiros do GM.

A Corporación, por unanimidade dos vinte concelleiros asistentes á sesión, aprobou a moción tal e como foi transcrita.

Concedida a palabra a don Luis Miguel Taibo Casás, agradece a todos os grupos, en nome do seu grupo, e tamén en nome dos propios traballadores e comité de empresa de Alcoa da Coruña e Avilés, o apoio a esta moción.

Fóra da orde do día, sométese a votación ordinaria a proposta de declaración de urxencia da moción presentada polo grupo municipal do PP. Votan a prol da urxencia os sete concelleiros do PP, os cinco concelleiros do PSdeG-PSOE, os dous concelleiros presentes de UxC, os dous concelleiros de EU, os dous concelleiros do BNG e o concelleiro de Progresistas de Cambre integrante do GM, e abstense o concelleiro do Partido Galeguista Demócrata integrante do GM.

Así pois, a Corporación, por dezanove votos a prol, aprobou a declaración de urxencia da moción presentada.

C) Moción do grupo municipal do PP para o nomeamento dunha rotonda, rúa o glorieta ou outra infraestrutura co nome de Manuel Fraga Iribarne

Rexistrada de entrada ao núm. 1960 o día 17 de febreiro de 2012. Consta do seguinte teor literal:

“Don Manuel Fraga Iribarne, recentemente falecido, desempeñou un papel fundamental na transición española sendo redactor, relator e “pai fundador” da Carta Magna de 1978. Actuou sempre guiado polo amor ao seu país e o entendemento da política como un servizo público. Foi a imaxe da renovación e reforma das institucións nun momento crucial para establecer a democracia en España.

Se o crecemento de España e de Galicia nestes anos, foi tan grande é, en parte, grazas a homes como el que coa súa xenerosidade crearon as bases da democracia na que vivimos hoxe. Os galegos non podemos esquecernos desta figura que loitou para que o seu pobo se fixera cun nome na xeografía española e europea. Debémolle un recoñecemento pola súa longa traxectoria en prol da cultura e do crecemento económico de Galicia.

Comezou a súa carreira política en 1951, o seu primeiro cargo político relevante foi o de ministro de Información e Turismo (1962-1969), máis tarde foi nomeado embaixador no Reino Unido (1969). Coa chegada da democracia a España foi nomeado vicepresidente e ministro da Gobernación. Máis tarde, en 1976 fundou Alianza Popular (AP) e foi vicepresidente da IDU (Internacional Conservadora), ata decembro de 1986. Ademais, foi membro do grupo demócrata europeo do Parlamento Europeo dende xuño de 1987 ata xuño de 1989. Levou a cabo a refundación de Alianza Popular sendo elixido presidente do Partido Popular, en febreiro de 1989.

Acadou a presidencia da Xunta de Galicia, por maioría absoluta, tralas eleccións celebradas o 17 de decembro de 1989, cargo que desempeñou ata o ano 2005. Así mesmo, recibiu numerosas condecoracións civís, entre elas a Gran Cruz de Isabel a Católica, a Gran Cruz de Carlos III, a Gran Cruz e Colar do Mérito Civil, as grandes cruces do Mérito Naval, Militar e Aeronáutico, a Gran Cruz da orde de Afonso X O Sabio, a Medalla de Ouro ao Mérito no Traballo, así como a Medalla de Ouro de Galicia. O seu labor tamén foi recoñecido con outras condecoracións internacionais procedentes de Portugal, a Santa Sé e distintos países iberoamericanos.

Por este motivo, presentamos a este pleno para a súa aprobación, se procede, os seguintes ACORDOS:

Primeiro: Nomear unha rotonda, rúa ou glorietta ou outra infraestrutura co nome de Manuel Fraga Iribarne.

Segundo: Instar á FEGAMP a que faga extensiva a dita proposta para que todos os concellos de Galicia opten pola mesma iniciativa que hoxe propoñemos neste concello.”

Concedida a palabra a dona Margarita Iglesias Pais, concelleira do PSdeG-PSOE, manifesta que se vai centrar en dous aspectos da moción, por un lado no aspecto político e, por outro, no aspecto do procedemento.

En canto ao aspecto político, ela entende que o Partido Popular está necesitado, ou gustaríalle ter referentes sociais importantes, pero o texto da moción, na súa exposición de motivos, expón soamente unha cara da personaxe, céntrase na cara A, pero a personaxe ten unha cara B. Para empezar, don Manuel nunca foi ministro en democracia, a súa fase de vicepresidente e ministro da Gobernación foi na época da transición. Como a súa actividade política na ditadura do franquismo hai que lembrar tamén algúns sucesos que forman parte da personaxe e que, polo tanto, deberían de

valorar. Como ministro portavoz informou a prol da execución de prisioneiros políticos, por exemplo no caso do dirixente comunista Julián Grimau, ao que cualificou de “caballerete” en rolda de prensa cando estaba detido e condenado a morte, e que foi fusilado en 1963, condena que provocou unha gran campaña internacional.

Tamén como ministro chamou por teléfono ao pai do estudante Enrique Ruano, asesinado pola policía política do réxime, e ameazouno con deter á súa outra filla, Margot, tamén militante antifranquista, se non cesaba nas súas protestas. O entón director do diario ABC, Luca de Tena, confesou que don Manuel Fraga Iribarne lle dera orde de publicar anotacións do diario íntimo de Ruano, manipulándoas co fin de que parecera unha persoa inestable que se suicidara.

Como ministro de Información, aprobou, efectivamente, a Lei de prensa, pero durante este período tamén tivo lugar a dimisión de Miguel Delibes como director do diario ‘Norte de Castilla’, ante os intentos de control de Fraga. Produciuse o secuestro do ABC no ano 1966, e dous anos despois o de ‘Diario Madrid’, que foi pechado en 1971, e o seu edificio volado.

Como ministro da Gobernación hai que lembrar que durante o seu mandato como tal ministro cuñou a frase de “la calle es mía”, tralo intento da oposición de manifestarse o 1º de maio. Tamén durante esta época están os sucesos de Vitoria, onde a policía armada matou a tiros a cinco obreiros ao saír da igrexa de San Francisco de Asís e feriu a máis de 100 persoas. Ou a chamada operación reconquista, Montejurra, etc.

Di que é certo que don Manuel, despois, se incorporou á fase democrática do país, o cal tampouco é unha novidade, está chea a historia de personaxes que pasaron do totalitarismo e se teñen incorporado á democracia. Quizais o que si se poida dicir desta faceta é que era un amante do exercicio do cargo público e do poder, pero non ten maior transcendencia que calquera outro exemplo que hai ao longo da historia comparada do noso contorno.

Continúa dicindo que, en canto á parte do procedemento, o Concello de Cambre ten un regulamento especial de honores e distincións. Neste regulamento se contemplan os pasos que hai que dar para dedicar a designación de vías ou instalacións públicas a unha persoa. O artigo 16 di que o pleno da Corporación pode designar unha vía pública, complexo urbano e instalación municipal, co nome dunha persoa que estea vinculada ao municipio, recoñecendo con iso especiais méritos. Esta designación require maioría simple, pero hai un procedemento para establecer a concesión destes honores. Precisa que haxa unha instrución, cun expediente, para determinar os méritos e as cualidades. O expediente ten que inicialo o alcalde, tense que nomear un instrutor, o cal ten que solicitar un informe e recibir declaración de cantas persoas ou representantes de entidades poidan achegar datos ou antecedentes que conduzan ao esclarecemento dos seus méritos. Terminadas todas esas dilixencias é necesario un informe da comisión informativa correspondente, e despois si que se leva a pleno e se pode aprobar por maioría simple.

Conclúe dicindo que deberían comezar por aí, cunha resolución do alcalde que poña en marcha o procedemento.

Toma a palabra o Sr. alcalde para lembrarlles que non hai moito tempo outorgaron unha rúa, glorieta ou infraestrutura a Isaac Díaz Pardo, que tampouco está vinculado con este concello, e a Sra. Concelleira, que estaba nese pleno, non fixo ningunha mención ao procedemento. Tamén lembra, aínda que non recorda a data, unha proposta de EU, sen o dito procedemento, para dar o nome de Marcelino Camacho a unha rúa, personaxe tampouco vinculado a este concello. Sabe que a Sra. concelleira non estaba neste último caso na Corporación, pero si que o estaba no caso de Isaac Díaz Pardo, e non dixo nada do procedemento, simplemente votou a prol.

Dona Margarita Iglesias Pais recoñece o seu erro, e pide que se aplique a ambos supostos o mesmo procedemento.

Concedida a palabra a don Óscar Alfonso García Patiño, voceiro de UxC, manifesta que o seu grupo tamén vai votar en contra, porque aínda que recoñecen as vitorias en democracia, non poden olvidar o seu pasado, respecto do cal nesta moción se pasa moi por enriba.

Concedida a palabra a don Luis Miguel Taibo Casás, voceiro de EU, manifesta que o seu grupo subscribe plenamente o contido do que acaba de dicir a concelleira do grupo socialista. Don Manuel Fraga foi, sen dúbida, unha personaxe controvertida na vida política deste país, con moitas máis sombras que luces. Cre que quedou descrito gran parte do que fixo e do que non fixo, e o resto cre que está perfectamente indicado no pequeno boletín que lles acaba de pasar o voceiro do BNG.

Di que o grupo de EU, simplemente por respecto á propia Lei da memoria histórica, sen intención de vinganza nin rancor, pero sen olvido, vai votar en contra da moción.

Concedida a palabra a don Alfredo Rodríguez Abella, voceiro do BNG, manifesta que eles tamén van votar en contra. Primeiro por non seguir o procedemento do que falou a concelleira do grupo socialista. E, despois, porque eles entenden que a exposición de motivos desta moción case parece, máis que unha exposición, un currículo.

Para mellorar un pouco ese currículo el quere facer un par de comentarios. Cando se pon que foi ministro de Información e Turismo, parece bo, pero é que foi ministro nunha ditadura. Incluso se comenta que foi ministro da Gobernación na democracia, e iso non é certo, porque non chegou a ser ministro a través dunhas eleccións, senón que foi nunha transición.

En segundo lugar, deixando a un lado o seu imperceptible paso polo fascismo máis belixerante, poden centrarse en Cambre. Di que don Manuel Fraga, nos seus numerosos gobernos ao fronte da Xunta de Galicia, nunca tivo un trato preferente co Concello de Cambre, nin aprobou numerosas partidas orzamentarias para o saneamento da ría do

Burgo, nin a realización da Casa da Cultura, nin a construción do centro de saúde no Temple, nin a construción dun centro de día, etc. Tampouco amosou o seu interese en reclamar as competencias que pode ter Galicia sobre o tren, e crear un tren de proximidade, como lles corresponde entre A Coruña-Ferrol, cun apeadeiro na Barcala, eléctrico e con varias frecuencias. Tivo que vir o bipartito para facer unha galescola ou eliminar a peaxe da Barcala. Se algo se fixo en Cambre, foi cun goberno na Xunta sen Manuel Fraga.

Conclúe reclamando a opinión de don Manuel Marante, e o seu posicionamento dende o Partido Galeguista.

Concedida a palabra a don Manuel Marante Gómez, do GM (PGD), manifesta que para el, don Manuel Fraga, igual que don Felipe González, ou que don Pablo Iglesias, son personaxes que pasaron pola historia de España, mellor ou peor, pero que están aí. El pode estar ideoloxicamente a prol ou en contra duns ou doutros, do seu traballo e das súas formas de facer política, pero se comezan a ir cara atrás, cara á ditadura, e para máis atrás, poden atopar moitas sorpresas, porque houbo para dar e tomar por todos os lados.

Para el, don Manuel Fraga merece o máximo respecto, igual que don Isaac Díaz Pardo, de feito foi el mesmo quen propuxo unha moción no pleno ordinario do mes pasado, igual que a que solicitou hoxe o PP, e foi apoiado por todos os grupos, o cal agradeceu e segue agradecendo.

Di que, posiblemente, cando por parte de calquera grupo político, sexa da cor que sexa, se queira poñer o nome dunha persoa que traballou en política, a calquera cousa en Cambre, el vai apoiar a ese grupo, porque, queiran ou non, tiveron xente que os apoiou, dentro de Cambre e fóra de Cambre, a uns e máis aos outros, a todos. Cre que debe recoñecerse o valor de dedicarse á política.

Segue dicindo que pode que el faga unha política un pouco estraña, pero é porque realmente el considera que non é político, senón que trata de ser un representante dos veciños á súa maneira, sen ter que actuar como un representante acérrimo dunhas ideas políticas. Cre que sempre o demostrou así, e por iso respecta a todas as persoas que se dedican á política e que chegan a determinados niveis. Na súa forma de velo, sempre se debe de respectar a esas persoas, e, por exemplo, neste caso, don Manuel Fraga tamén estivo gobernando na Xunta de Galicia democraticamente, non só foi na ditadura. Foi presidente da Xunta, fixera máis ou menos por Cambre.

Di que o Sr. Abella enumerou un montón de cousas que non se fixeron, efectivamente, pero é que tampouco esas cousas se fixeron co bipartito. Co bipartito fixéronse algunhas cousas e con don Manuel Fraga fixéronse outras. Cando el comezou a facer política en Cambre só había o colexio de Cambre, e nos distintos gobernos que houbo na Xunta, duns e doutros, fixéronse os dous institutos, catro colexios de primaria, o centro de saúde, é dicir, algo se fixo, entre uns e outros, entre todos se foi facendo Cambre.

Conclúe dicindo que, polo tanto, el está totalmente de acordo con que se lles debe recoñecer ás persoas o seu traballo, igual que se fixo aquí con concelleiros que faleceron nesta Corporación. Por exemplo, o local da Rocha ten o nome de José María Barbeito Lafuente, que foi concelleiro do Partido Socialista. No Temple, o parque Ramón Barba, tamén concelleiro do Partido Socialista. En Pravio a pista polideportiva, Antonio Becerra, alcalde do PP ou Alianza Popular naquel momento. A estas persoas recoñecéuselles que fixeron algo por Cambre, e son de distintos partidos, e precisamente a don Antonio Becerra se lle puxo cando estaba gobernando o Partido Socialista.

Concedida a palabra a don Alfredo Rodríguez Abella manifesta que está ben, pero que o Sr. Marante non lle contestou.

O Sr. alcalde sinala que están a debater unha moción, e dille ao Sr. Abella que el xa interviu, que deixe intervir a outros grupos.

Concedida a palabra a don José Antonio Baamonde López, do GM (PdC), manifesta o seu total apoio a esta moción. Cre que aquí estiveron intentando destacar a imaxe de Manuel Fraga na ditadura, pero a súa traxectoria política el cre que é irreprochable, un exemplo para os políticos e gobernantes actuais. Foi unha vida de austeridade, e cre que o maior impulso que tivo Galicia foi durante os seus 16 anos de goberno ao fronte da Xunta de Galicia. Non ve o motivo para non apoiar esta moción, igual que teñen apoiado outras mocións, doutras personaxes de diferentes ideoloxías.

Concedida a palabra a don Felipe Andreu Barallobre, voceiro do PP, manifesta que el cre que os veciños de Cambre teñen moitísimos máis problemas, que non só poñerlle o nome dunha persoa a unha rúa. Xa levan un bo anaco discutindo sobre o asunto e as posicións están fixadas. Cre que este debate pode ser interesante politicamente, e igual para os medios de comunicación tamén pode ser interesante, pero pensa que hai mocións que veñen a continuación que realmente afectan aos problemas cotiáns dos veciños, polo tanto, el o que pediría ao Sr. alcalde é que se levase a cabo a votación.

Toma a palabra o Sr. alcalde para sinalar que antes da votación gustaríalle responder á concelleira socialista en relación co tema do procedemento. Di que o pleno do concello, nun tema que afecta a Cambre, é plenipotenciario para decidir poñer o nome a unha rúa, vía, praza ou o que sexa. Non fai falta iniciar un procedemento de honores e distincións.

Xa dixo antes que el lembra unha moción do grupo municipal de EU en homenaxe a Marcelino Camacho, onde houbo unha exposición de motivos, e o PP concedeu a palabra naquel momento a dona M^a Jesús González Roel, voceira do PP, quen dixo que o seu grupo, a pesar de estar nas antípodas, ideoloxicamente falando, con Marcelino Camacho, si apoiaba a moción.

El simplemente fai esa aclaración, o pleno é plenipotenciario para tomar esa decisión, polo tanto, poden votar a moción, e se a aproban ben, e se a rexeitan, tamén.

Concedida a palabra a dona Margarita Iglesias Pais, manifesta que polo menos teñen que recoñecer que é unha personaxe que ten dúas facetas. Descoñece esas mocións anteriores a este mandato, descoñece como se adoptaron, pero cre que a finalidade de abrir o procedemento é simplemente que se poida pronunciar todo o mundo, todos os veciños de Cambre, porque haberá opinións para todos os gustos.

O Sr. alcalde manifesta que non quere entrar en divagacións, porque o grupo socialista non pediu iso cando o mes pasado foi o de Isaac Díaz Pardo.

Dona Margarita Iglesias Pais pide que non lle faga facer comparacións entre ambas personaxes, están a falar dun ministro da ditadura, e o concelleiro de EU xa fixo referencia á Lei de memoria histórica, que de momento non foi derogada.

O Sr. alcalde expón que iso sería unha discusión doutro tipo, e que van votar a moción sen entrar en maiores discusións.

Concedida a palabra a don Alfredo Rodríguez Abella, agradece as palabras de don Felipe Andreu, que atinxen tamén á Alcaldía, e a ver se a partir de agora presentan mocións máis interesantes, porque acaban de recoñecer que é un pouco perda de tempo para o pleno.

Concedida a palabra a don Luis Miguel Taibo Casás manifesta que se fixo alusión bastantes veces ao seu grupo, en relación coas mocións presentadas neste concello.

O Sr. alcalde sinala que simplemente falou dunha, e simplemente respecto do tema do procedemento. Non fixo mención á EU por nada, senón sinxelamente porque cadrou que presentou esa moción, nada máis. El está contestando á reclamación dun procedemento, porque nunca se fixo ningún procedemento de ningún tipo, e o Sr. Taibo que estivo na Corporación durante moito tempo, o sabe. Ademais, neste caso, non é aplicable.

Don Luis Miguel Taibo Casás manifesta que se falou das mocións de Marcelino Camacho e tamén, por exemplo, da moción de Antonio Fernández Becerra. A primeira presentouna EU, pero é que a segunda tamén foi a proposta de EU, porque tratouse dunha personaxe que como alcalde cada un pode opinar o que queira, pero que para el foi unha grande persoa. Tamén propuxeron máis, Amador Daniel, Casares Quiroga, Fernández Becerra, moitísimas máis. O que quere dicir é que eles propoñen personaxes, con independencia das súas ideas políticas, por exemplo, evidentemente, con Antonio Fernández Becerra politicamente discrepaban moitísimo.

Sometido o asunto a votación ordinaria, votan a prol os sete concelleiros do PP e os dous concelleiros do GM, e votan en contra os cinco concelleiros do PSdeG-PSOE, os dous concelleiros presentes de UxC, os dous concelleiros de EU e os dous concelleiros do BNG.

A Corporación, por once votos en contra, rexeita a moción presentada polo grupo municipal do PP para o nomeamento dunha rotonda, rúa o glorieta ou outra infraestrutura co nome de Manuel Fraga Iribarne.

Fóra da orde do día, sométese a votación ordinaria a proposta de declaración de urxencia da moción presentada polo grupo municipal do PSdeG-PSOE. Votan a prol da urxencia os sete concelleiros do PP, os cinco concelleiros do PSdeG-PSOE, os dous concelleiros presentes de UxC, os dous concelleiros de EU, os dous concelleiros do BNG e o concelleiro de Progresistas de Cambre integrante do GM, e abstense o concelleiro do Partido Galeguista Demócrata integrante do GM.

Así pois, a Corporación, por dezanove votos a prol, aprobou a declaración de urxencia da moción presentada.

D) Moción do grupo municipal do PSdeG-PSOE relativa a instar ao mantemento do rexistro municipal auxiliar e punto de atención e información aos veciños situado na Casa das Palmeiras

Rexistrada de entrada ao núm. 1746 o día 14 de febreiro de 2012. Consta do seguinte teor literal:

“O pasado día 3 de febreiro o goberno local emitía nota aos medios de comunicación na que se manifestaba a decisión de trasladar de xeito “temporal” o rexistro municipal auxiliar, que estaba situado na Casa das Palmeiras, no Temple, a baixos de propiedade municipal sitos na rúa río Barcés na urbanización A Barcala, ao lado das dependencias onde se atopa a concellería de Servizos Sociais.

Diciáse que este traslado respondía ao volume, entende este grupo que se quere dicir “escaso”, de documentos que se presentaban no rexistro auxiliar da Casa das Palmeiras e en consideración de que, para unha maior eficiencia e axilización dos trámites, debían “centralizarse” os servizos. Así mesmo argumentábase que esta situación se mantería mentres non se dispuxera de máis persoal para o efecto, e entrara en funcionamento a administración electrónica.

O goberno local basea a retirada deste imprescindible servizo administrativo de proximidade aos veciños do Temple, en que o volume de entrada de documentos no rexistro é escaso. O certo é que, ademais de ser esta unha afirmación parcial e incerta, non se ten en conta que esta oficina serve como punto de atención e información aos veciños da parroquia máis poboada do concello sobre multitude de servizos do seu interese: empadroamentos, compulsa de documentos de tramitacións locais, servizos sociais (petición de citas, viaxes 3ª idade), educación (programa “Mañanceiro”), actividades extraescolares (campamentos de verán), etc.

O grupo dos socialistas de Cambre entende que a medida adoptada é absolutamente desacertada, e máis tendo en conta os tempos que corren, sendo máis lóxico e xusto a adopción de medidas no senso contrario: potenciar este servizo veciñal.

A frase reiterada de que “a administración local é a administración máis próxima aos cidadáns”, sendo absolutamente certa, parece que non é entendida do mesmo xeito polo goberno municipal que, con medidas como a denunciada, mostra a súa vontade de alonxarse dos veciños e dos seus problemas.

Non é certo, como di o goberno local, que para unha maior eficiencia e axilización dos trámites, deban centralizarse os diferentes servizos. Todo o contrario. Unha administración local “eficaz” debe adecuarse á realidade territorial e demográfica do seu municipio, facendo todos os esforzos necesarios para achegarse aos cidadáns, en especial aos residentes nas zonas máis poboadas. Os socialistas de Cambre entendemos que o criterio “economicista” de eficiencia debe decaer, en situacións como a denunciada, diante do de eficacia no servizo á cidadanía.

Por iso entende o noso grupo que a medida adoptada é inxusta e inadecuada, tendo máis sentido non só o mantemento do servizo que o goberno local elimina, senón tamén a adopción de medidas destinadas á procura da mellora dos servizos prestados, incorporando novas liñas de atención en materias como a loita contra o desemprego, servizos sociais, educación, conciliación da vida familiar e laboral, etc.

Por todo o anterior o grupo municipal dos socialistas de Cambre presenta ao pleno a seguinte proposta de acordo:

Primeiro: Instar ao goberno municipal co fin de que revogue a decisión adoptada, repoñendo o rexistro auxiliar e punto de atención e información aos veciños situado na Casa das Palmeiras do Temple, manténdose, ao mesmo tempo, o creado, co mesmo fin nas instalacións municipais sitas na rúa río Barcés, da urbanización A Barcala.

Segundo: Instar ao goberno municipal a que amplíe os servizos realizados nos puntos de atención e información aos veciños, sitios nos locais da Casa das Palmeiras e da rúa río Barcés incorporando novas liñas de atención e información aos veciños en materias de fomento do emprego e loita contra o paro, servizos sociais, educación e conciliación da vida familiar e laboral, entre outras.

Terceiro: Instar ao goberno municipal a que leve a cabo unha campaña de información dirixida aos veciños, co fin de informarlles dos enderezos dos rexistros municipais e puntos de atención e información cidadá, así como dos diferentes servizos que se lles poden prestar neles.”

Concedida a palabra a don Felipe Andreu Barallobre, voceiro do PP, manifesta que a pesar de estar moi en desacordo coa exposición de motivos, están a prol dos acordos que propoñen, cunha soa matización que xa comentou na xunta de voceiros, a moción

primeiro pide que se revogue a decisión adoptada, que é crear un rexistro na Barcala, e logo di que se manteña. Di que ou a revoga ou a mantén.

En todo caso, todos teñen claro o espírito da moción, que é que ten que haber un rexistro no Temple, outro na Barcala, e outro en Cambre. Niso están todos de acordo, cre que é simplemente unha cuestión de redacción, sen maior importancia.

Co tema que non están de acordo é coa exposición de motivos porque bastantes gobernos anteriores, dos que o voceiro do PSdeG-PSOE formou parte, tiveron un evidente deixamento á hora de tomar medidas de modernización municipal que lles permitan facer o que eles agora están propoñendo que se faga. Foi o actual goberno, cos orzamentos aprobados o pasado mes, o que incorporou por primeira vez aos orzamentos unha partida de 140.000 euros para a modernización municipal. Esa modernización significa que cos mesmos recursos que teñen agora, queren facer unha administración máis eficaz. Actualmente as administracións locais non poden contratar máis persoal porque así o prohibiu a Lei xeral orzamentaria do Estado, por iso, co mesmo persoal que teñen hoxe en día, o que queren é conseguir prestar máis servizos. Para iso aprobaron esa partida orzamentaria, e a partir de agora é cando comezarán a traballar nesas cousas.

Di que teñen un problema, que ese deixamento na modernización e na toma de medidas de modernización dos anteriores gobernos, tamén foi un deixamento á hora de mellorar as condicións de traballo da maioría dos traballadores deste concello. Cando eles chegaron ao goberno, atopáronse departamentos enteiros que estaban amoreados en salas nas que fisicamente case non entraban. Por iso, unha das primeiras decisións que tomou como responsable de Réxime Interior, foi mellorar as condicións de traballo, trasladando varias das áreas de goberno á Barcala. Iso, por suposto, xera beneficios para os traballadores, xera beneficios para os veciños da Barcala e, evidentemente, tamén xera problemas, entre outras cousas porque todas esas áreas teñen unha carga de traballo que agora mesmo se estaba asumindo dende o rexistro central de Cambre. Deste rexistro central non se pode prescindir de persoal, a única opción que tiñan era trasladar, de forma temporal, o rexistro das Palmeiras ao rexistro da Barcala. Tomouse a decisión exclusivamente por iso, pero se é un traslado temporal é porque teñen previsto que ese plan de modernización se poña en funcionamento este ano, e cando ese plan estea en funcionamento, será cando co mesmo persoal poidan poñer rexistros nas distintas instalacións municipais.

Trátase dun traslado temporal, en gran medida debido ao deixamento na xestión interna do municipio que tiveron os anteriores gobernos dende hai moitos anos, e que intentarán corrixir no menor tempo posible.

Conclúe dicindo que, en todo caso, están de acordo co espírito dos acordos que propón esta moción, coa exposición de motivos, non.

Concedida a palabra a don Augusto Rey Moreno, voceiro do PSdeG-PSOE, manifesta que el ten formado parte de gobernos que tiveron unha organización administrativa en

función das súas posibilidades. Tamén lle quere dicir que foi un goberno socialista o que creou o rexistro auxiliar da Casa das Palmeiras, e o goberno actual é quen o elimina, esa é a realidade. Di que falan de eliminalo temporalmente, pero todos saben o que poden ser as temporalidades, entre outras cousas, como dixo o voceiro do PP nas súas declaracións, está a expensas do plan de modernización que se vai poñer en marcha.

Eles tamén entenden que é necesario un plan de modernización, pero o que non ten sentido é espir un santo para vestir outro, é dicir, están deixando sen rexistro e sen punto de atención e información aos veciños, á parroquia e barrio máis poboado do municipio, e iso é unha verdade incontestable, agora mesmo, os veciños do Temple teñen que desprazarse á Barcala, ou a Cambre directamente, a facer as súas xestións, cousa que antes podían facer alí.

Recoñece que é certo que o rexistro da Casa das Palmeiras era bastante descoñecido para os veciños da zona, que non sabían que aí podían recibir unha serie de prestacións, e por iso o terceiro punto da moción fai referencia á necesidade de potenciar ese punto, informando aos veciños de que poden acudir alí.

En canto a que agora lles queiran devolver o tema a eles, ao dicir que foi un deixamento de gobernos anteriores, nada máis incerto. Repite, a Casa das Palmeiras, como rexistro existía cun goberno socialista, e agora non existe. Os veciños do Temple e do Graxal tiñan un servizo cun goberno socialista que agora non teñen. E, sen entrar en máis discusións, porque está convencido de que todos están a prol de que se mellore a atención aos veciños, entenden que isto, e esa é a súa solicitude, se pode arranxar á maior brevidade posible, para que os veciños do Temple e desa zona teñan o servizo que se merecen, nada máis.

Don Felipe Andreu Barallobre contesta que niso é no que están.

Concedida a palabra a don Óscar Alfonso García Patiño, voceiro de UxC, manifesta que lle parecía estar nunha campaña electoral máis que debatendo unha moción. Di que claro que agora o teñen que facer mellor, para iso están gobernando, e tamén para iso están cobrando, para intentar facelo mellor que o que había ata este momento. Pero a realidade é a que di o voceiro do grupo socialista, había un rexistro que agora non teñen, pasouse á Barcala sabendo que, a día de hoxe, nesa zona teñen un problema gravísimo que é o aparcamento.

Di que se sacou o rexistro da parroquia máis poboada do Concello de Cambre e o levaron á Barcala, onde literalmente é imposible aparcar para facer calquera tipo de xestión pola mañá. Os veciños transmitíronlles que un veciño do Temple que ten que facer unha xestión, e ten que coller un coche, non vai á Barcala, vaise directamente a Cambre. Di que se queren aforrar, que elimen tamén o da Barcala e que se queden só co de Cambre, porque na Barcala é imposible aparcar polas mañás.

Conclúe dicindo que o seu grupo está de acordo, por suposto, con esta moción, e agardan que sexa por moi pouco tempo que non teñan o rexistro no Temple.

Concedida a palabra a dona María Olga Santos López, concelleira de EU, manifesta que o seu grupo está de acordo, tanto na exposición de motivos como nos acordos propostos, e gustaríalle engandir unha observación, porque todos reciben críticas, e cre que son máis as críticas e os prexuízos que os beneficios. Di que un punto básico é o tema do aparcamento, e outro punto moi importante que pensa está prexudicando máis que beneficiando é a falta de entidades bancarias na zona da Barcala. Hai unha gran porcentaxe de operacións suxeitas ao abono dunhas taxas no banco e, ese feito, impide a tramitación do documento de xeito separado. Para unha persoa nova, con coche, ao mellor non habería tanto problema, pagaría as taxas, subiría á Barcala, pero a unha persoa sen coche ou con problemas de desprazamento, estáselle imposibilitando moitísimo, nun barrio de 9.000 veciños que é O Temple, fronte a Barcala, cuns 2.500 habitantes.

Coinciden co sentido da moción e instan a que a situación dure o menor tempo posible, para evitar ese tipo de problemas, e felicitan aos compañeiros socialistas pola presentación desa moción.

Concedida a palabra a don Alfredo Rodríguez Abella, voceiro do BNG, manifesta que o seu grupo tamén vai votar a prol da moción.

Concedida a palabra a don José Antonio Baamonde López, voceiro do GM, manifesta que el tamén é totalmente favorable á moción. Di que non comprende como a parroquia máis poboada do concello foi privada do rexistro de entrada co que contaba. Agarda que se restableza o servizo en breve.

Concedida a palabra a don Felipe Andreu Barallobre manifesta que, sinceramente, dende o goberno todos tiñan claro que esta era unha medida que ía producir non sabe se certo rexeitamento, pero si algunha molestia aos veciños. Queren que tanto a oposición como o resto dos veciños, comprendan que esta medida se toma porque é necesaria de forma temporal. Evidentemente eles tampouco teñen ningún interese de prexudicarse de cara aos veciños, se a toman é porque a ven fundamental, e intentarán facer todo o posible porque o tempo no que non teñan ese servizo os veciños do Temple sexa mínimo. Esa é a súa intención, pero queren facer as cousas ben, e o que é totalmente inviable nestes momentos é ter catro, case cinco áreas de goberno na Barcala, sen ter un só rexistro.

Di que A Barcala é un barrio, e todos o saben, que necesita dinamización, e o goberno é quen ten que dinamizar e facilitar as posibilidades da urbanización. A primeira medida que se tomou nese sentido foi o traslado de varias áreas de goberno alí, a seguinte foi a creación dun rexistro, a terceira acaban de aprobala hoxe, que é ceder o uso dun local á Cruz Vermella. E teñen que seguir traballando. Evidentemente hai un problema de

aparcamento, é un tema que xa trataron no debate dos orzamentos e xa dixeron que o seu compromiso era facer un aparcadoiro novo na Barcala.

Conclúe pedindo desculpas polos prexuízos que lle poidan ter causado aos veciños. É de forma temporal, e intentarán que ao longo do tempo se repoñan e se melloren considerablemente eses servizos.

Concedida a palabra a don Augusto Rey Moreno agradece a todos os grupos o seu apoio a esta moción. Cren que é algo que obedece ás necesidades reais que lles manifestaron os veciños e que todos puideron captar.

Por outra banda, entenden, como dicían na moción, que o punto de atención e información aos veciños, e o rexistro auxiliar, ao mellor tampouco ten a súa mellor situación na Casa das Palmeiras, ese é un tema que deixa enriba da mesa, porque queda un pouco desconectada do centro da parroquia, e tamén porque agora está aí situada a Casa da Xuventude, e non son servizos que poidan ser moi complementarios.

Outro tema que cren que hai que potenciar é que agora os veciños de Cambre, para pasar unha revista como demandante de emprego, teñen que vir á casa do concello. O Temple é posiblemente a parroquia que está sufrindo máis o problema do paro, e talvez poderían poñer alí unha máquina para pasar a revisión.

Di que son temas que deixa enriba da mesa e que poden mellorar a atención e o servizo aos veciños da zona.

Concedida a palabra a don Felipe Andreu Barallobre manifesta que, á vista do que se falou, a proposta que eles fan é que no primeiro punto dos acordos se poña: “Instar ao goberno municipal a que se repoña o rexistro auxiliar”

Don Augusto Rey Moreno sinala que o que se pide na moción é que se revogue a decisión.

Toma a palabra o Sr. alcalde para dicir que non, que eles non revogan a decisión, e que xa o dixo claramente don Óscar García Patiño, que o goberno cobra por tomar decisións, e iso é verdade, cando se toman as decisións, tómanse por algo. A este goberno non lle interesa para nada prexudicar aos veciños do Temple, pero tomaron unha decisión porque é necesaria.

Di que, nos últimos sete meses, que son os que el leva aquí, agás na tempada que se piden certificados de empadramento, onde hai entradas masivas en calquera dos rexistros municipais, o resto, a media no rexistro da Casa das Palmeiras, son cinco entradas ao día. Cando houbo que tomar unha decisión, o goberno, que para iso cobra, tivo que tomar a decisión. Levaron catro áreas para A Barcala porque non teñen locais no Temple, senón ao mellor terían trasladado Cultura e Deportes ao Temple, pero o problema é que non teñen locais no Temple, téñenos na Barcala, e por iso teñen

habilitado na Barcala esas catro áreas. Primeiro para que na casa do concello os traballadores traballen máis cómodos, porque, como xa dixeron, hai departamentos que están ata arriba de carpetas, ao arquivo municipal non se pode subir nin unha carpeta máis, polo problema que hai, e por todo isto tomaron esa decisión. Reitera que esa decisión é temporal, por tanto, el non revoga a decisión de suprimir temporalmente o rexistro auxiliar do Temple.

Don Augusto Rey Moreno manifesta que precisamente para iso presenta el a moción, para que se revogue esa decisión.

O Sr. alcalde explica que el non pode revogar a decisión, pode repoñer, pero non revogar.

Don Augusto Rey Moreno expón que o chamen como queiran, que antes alí había un rexistro e agora non o hai, antes os veciños tiñan un servizo e agora non o teñen, polo tanto, tomouse a decisión de sacar o rexistro de alí e poñelo noutro sitio, que resulta incómodo e innatural para a atención aos veciños, e o que eles piden é que deixen iso sen efecto e que devolvan o rexistro ao seu sitio, e se queren facer un novo na Barcala, que o fagan.

Don Felipe Andreu Barallobre pregunta para quen é incómodo e innatural, porque os veciños da Barcala tamén son veciños de Cambre, e teñen dereitos.

Don Augusto Rey Moreno responde que está dicindo que se manteña o rexistro da Barcala, pero que non se retire o do Temple.

Don Felipe Andreu Barallobre cre que o asunto todos o teñen claro, todos queren que haxa un rexistro no Temple, na Barcala e en Cambre. Cre que é un problema simplemente de redacción, non se trata de instar á revogación da creación dun rexistro na Barcala, porque eles o que fixeron foi crear ese rexistro.

Don Augusto Rey Moreno manifesta que el cre que a redacción da moción está ben clara. En resumo, antes había dous rexistros, agora que haxa tres.

Don Felipe Andreu Barallobre reitera que o sentido está ben claro, e cre que todos queren o mesmo, e por iso non vai haber ningún problema.

Don Augusto Rey Moreno conclúe dicindo que non modifica a redacción da moción porque cre que obedece ás necesidades dos veciños da zona, e que se o equipo de goberno fala de que se trata dunha medida temporal, xa se encargarán eles de fiscalizar a temporalidade desa decisión.

Sometido o asunto a votación ordinaria, votan a prol os sete concelleiros do PP, os cinco concelleiros do PSdeG-PSOE, os dous concelleiros presentes de UxC, os dous concelleiros de EU, os dous concelleiros do BNG e os dous concelleiros do GM.

A Corporación, por unanimidade dos vinte concelleiros asistentes á sesión, aprobou a moción tal e como foi transcrita.

Fóra da orde do día, sométese a votación ordinaria a proposta de declaración de urxencia da moción presentada polo grupo municipal de EU. Votan a prol da urxencia os sete concelleiros do PP, os cinco concelleiros do PSdeG-PSOE, os dous concelleiros presentes de UxC, os dous concelleiros de EU, os dous concelleiros do BNG e o concelleiro de Progresistas de Cambre integrante do GM, e abstense o concelleiro do Partido Galeguista Demócrata integrante do GM.

Así pois, a Corporación, por dezanove votos a prol, aprobou a declaración de urxencia da moción presentada.

E) Moción do grupo municipal de EU para o día 8 de marzo de 2012 como Día internacional da muller traballadora

Rexistrada de entrada ao núm. 1969 o día 17 de febreiro de 2012, xunto con outra moción para este pleno. Consta do seguinte teor literal:

“Neste 8 de marzo seguimos defendendo que as iniciativas políticas e legislativas deben dirixirse a todos e cada un dos aspectos estruturais de discriminación e violencia que aínda persisten e estas deben abordarse con medidas preventivas e transversais, baseadas prioritariamente no obxectivo de modificar os valores sociais que aínda permiten e potencian as situacións de desigualdade entre mulleres e homes.

A conciliación entre a vida laboral e familiar, de momento é, igualmente, unha expectativa. Os homes seguen sen compartir equitativamente as cargas familiares e as tarefas domésticas. Para que isto ocorra, non son só necesarias leis que o regulen, senón tamén, e moito máis importante, crear unha conciencia social de igualdade que transforme a cultura patriarcal e sexista nunha sociedade igualitaria.

A repercusión que ten a crise no mercado laboral, no caso das mulleres, é cada día máis alarmante. A xa permanente precariedade, a desigualdade salarial e a discriminación por razón de sexo ou polo estado civil das mulleres, que condiciona o seu acceso ao emprego e aos traballos estables, agora máis que nunca están patentes nos contratos que se realizan a mulleres.

Por outra banda, os alarmantes índices de pobreza, que afectan con maior rigor ás mulleres inmigrantes, máis desprotexidas, e ás mulleres maiores, con pensións mínimas ou non contributivas que non chegan a cubrir as súas necesidades básicas, fan máis apremiante aínda o reforzamento do estado social e dos sistemas de protección.

Se por si mesma a chamada “lei de dependencia”, tiña un enfoque sexista ao incentivar ás mulleres a relegarse ás tarefas do coidado, a decisión de non continuar financiándoa,

significa que ademais os poucos resortes de alivio que ofrecía a dita lei, agora vense afogados pola falta de orzamento. A consecuencia desta situación será unha máis rápida involución cara aos vellos roles patriarcais.

A extensión da xenofobia na sociedade, debido ás modificacións cada vez máis retrógradas das leis de inmigración e á transmisión de valores racistas, afectan con maior rigor ás mulleres inmigrantes, máis desprotexidas.

O día 8 de marzo, Día internacional das mulleres, é a data propicia, para que o noso concello mostre verdadeiramente a súa vontade de pór as bases reais, para que a igualdade das mulleres sexa un feito e non unha mera aspiración cunha serie de medidas destinadas a unha transformación real da nosa sociedade, onde as mulleres sexan cidadáns en plenitude de dereitos.

Por iso o grupo municipal de Esquerda Unida, propón ao pleno, que todas as medidas que se adopten respecto disto, sexan vinculantes e se doten dos recursos materiais e persoais que fagan efectivo o seu cumprimento e avaliación, con base nos seguintes acordos:

Primeiro: Un compromiso político de traballar para xerar un concello de suxeitos iguais en dereitos e obrigacións, utilizando os medios legais existentes e posibilitando as canles e os recursos económicos para que homes e mulleres teñamos as mesmas posibilidades de desenvolvemento.

Segundo: Expresar o noso apoio á proposta do Parlamento Europeo de declarar o 22 de febreiro como Día internacional da igualdade salarial entre homes e mulleres.

Terceiro: Erradicar a segregación laboral nas políticas de emprego que se emprendan no municipio.

Cuarto: Poñer a disposición recursos materiais e de persoal para a prevención e atención das mulleres en situacións de especial vulnerabilidade.

Quinto: Implantar campañas educativas, en colaboración cos centros escolares do concello, baseadas na concienciación entre as e os máis novos.

Sexto: Coordinar programas coas asociacións e colectivos sociais que fomenten a igualdade e a corresponsabilidade.

Sétimo: Erradicar anuncios, emisións, expresións sexistas no ámbito público.

Oitavo: Fomentar a imaxe pública das mulleres e a súa participación nos asuntos públicos.

Noveno: Manifestar o respecto aos dereitos fundamentais das mulleres, á súa vontade e ao seu dereito a decidir sobre o control da súa maternidade.”

Concedida a palabra a dona M^a Jesús González Roel, concelleira do PP, manifesta que non poden estar máis de acordo coa moción, en primeiro lugar porque todos e cada un dos puntos da moción xa se están levando a cabo en Cambre. As actuacións que se están facendo en materia de igualdade, están todas planificadas baseándose no I Plan de igualdade de oportunidades entre homes e mulleres do Concello de Cambre, aprobado por unanimidade polo Pleno da Corporación o día 25 de novembro de 2010. Este Plan de igualdade é unha ferramenta cuxa misión é levar a planificación das políticas de igualdade para fortalecer o proceso de transformación social das relacións de xénero do Concello de Cambre, con miras á consecución da igualdade de xénero. O documento do Plan de igualdade tamén está validado no tecido asociativo, axentes sociais, persoal político e técnico, participantes na súa elaboración.

Di que o Concello de Cambre tamén conta cunha ferramenta fundamental para a coordinación das políticas de igualdade para a loita contra a violencia de xénero, como é a Mesa institucional contra a violencia de xénero. Na súa última reunión o pasado 7 de febreiro de 2012, nos traballos de coordinación entre axentes sociais e forzas e corpos de seguridade, sentáronse as bases do traballo en promoción e prevención da igualdade no ámbito social e educativo. Cambre é un dos poucos concellos galegos nos que se leva traballando deste xeito coordinado dende o 2010.

Por outra banda, durante os últimos anos, o Concello de Cambre está a presentarse á convocatoria de subvencións de promoción de igualdade e prevención da violencia de xénero na Secretaría xeral de Igualdade da Xunta de Galicia, acadando a máxima subvención polas propostas presentadas.

No que respecta á participación das mulleres na vida política e social do municipio, quedou contemplado no Regulamento orgánico de participación cidadá de maneira explícita, como Disposición adicional terceira de repercusión da igualdade efectiva entre homes e mulleres.

Na Concellería de Igualdade, Benestar Social e Educación, na campaña de sensibilización social e promoción da igualdade no 2012, o día 8 de marzo teñen a campaña “Receitas cun chisco de igualdade” que responde ao obxectivo de visibilizar o labor da muller entre a poboación de Cambre. O acto central será no centro sociocultural do Graxal o xoves 8 de marzo, e inclúe un recital poético, unha mesa redonda e unha peza de danza.

Tamén está o tema da coeducación nos CEIP durante os meses de marzo e abril, nos que haberá contos interactivos nos que se promoven os valores de igualdade, se traballa na corresponsabilidade nas tarefas domésticas de alumnos de 4º e 5º de primaria. Ou o concurso “Pratos de cociña, un chisco de igualdade”, no mes de abril, dirixido aos alumnos de 4º e 5º de primaria.

Tamén teñen a campaña de prevención da violencia de xénero. Fíxose unha campaña de sensibilización social durante os meses de novembro e decembro de 2011, coeducación nos IES do municipio. Tamén a atención ás vítimas de violencia de xénero, atención por parte das traballadoras sociais, considerando como urxentes as citas relacionadas coa materia, derivación á asesoría xurídica a través do Consorcio das Mariñas, derivación aos programas de atención psicolóxica da Xunta de Galicia ao colexio profesional de psicólogos de Galicia. Tamén reunións periódicas da submesa de violencia de xénero coa Garda Civil, Policía Local, xefe da unidade de violencia de xénero da Subdelegación do Goberno, traballadoras sociais municipais e do centro de saúde de Cambre, para o tratamento directo dos casos.

En Educación dispoñen do programa Mañanceiro consistente na atención ao alumnado dos centros escolares de Cambre á primeira hora da mañá, cun servizo de almorzo complementario. Tamén hai actividades de conciliación nos períodos vacacionais de Nadal, Semana Santa e verán. Actividades educativas trala xornada escolar, complementarias das ofertas das ANPAS.

Dende a Concellería de Economía e Facenda, Promoción Económica e Consumo, teñen métodos de traballo co enfoque de perspectiva de xénero. Dende a Policía Local de Cambre teñen o convenio de colaboración co Ministerio de Interior para o acceso á base de datos nacional de violencia de xénero, formación a medida e utilización da base de datos, e na seguinte Xunta de Seguridade Local delimitaranse as novas funcións da Policía Local de Cambre en materia de violencia de xénero, en coordinación coa Garda Civil de Cambre.

Conclúe dicindo que, polo tanto, dende todas as concellerías, non só a de Igualdade, estanse levando a cabo programas deste tipo, cumprindo con todos os puntos que se piden na moción.

Concedida a palabra a dona María Olga Santos López, concelleira de EU, manifesta que coñecían o contido dos programas, pero non querían deixar pasar esta data, porque pensa que é unha problemática que lles afecta a todos. Tal e como acaba de enumerar na súa extensa exposición a Sra. concelleira, o Concello de Cambre, neste sentido, e co cumprimento do Plan municipal de igualdade, está actuando. Non lle deu tempo a lelo todo, pero o certo é que é un plan moi completo, que parte dunha defensa acérrima pola igualdade, polo que o seu cumprimento lles parece estupendo. Pero di que non por iso significa que teñan que esquecerse neste día do papel da muller.

Anima ao cumprimento do plan e sinala que, polo tanto, non todo o que vén da anterior Corporación é malo nin bo, xa que este plan vén da anterior Corporación e é un plan para o desenvolvemento dende o 2011 ao 2015.

Conclúe dicindo que anima a que se siga nesta liña.

Concedida a palabra a don Augusto Rey Moreno, voceiro do PSdeG-PSOE, manifesta o seu apoio á moción nos termos que está presentada.

Concedida a palabra a don Óscar Alfonso García Patiño, voceiro de UxC, manifesta que lle gustaría saber quen fixo o informe que leu a Sra. concelleira.

Dona M^a Jesús González Roel contesta que Ricardo Puertas Mosquera, educador social do Concello de Cambre.

Don Óscar Alfonso García Patiño explica que o pregunta porque o seu grupo, por suposto, está de acordo coa moción, e se o PP tamén está de acordo, e antes estiveron falando de optimizar recursos, el cre que lle fixeron perder o tempo a un funcionario pedíndolle que elaborara ese extenso informe que acaba de ler a Sra. concelleira, cando con dúas palabras que dixera para amosar a súa conformidade coa moción era máis que suficiente.

Pide que o pensen, xa que acaban de dicir que no tema do rexistro hai que optimizar e, non obstante, aos funcionarios estánlles facendo, baixo o seu punto de vista, facer un informe que é perder o tempo.

Dona M^a Jesús González Roel responde, con todo o seu respecto, que ela cre que facer un traballo deste tipo non é inútil, serve para que coñezan a situación todos os políticos, porque se todos eles tiveran coñecemento realmente dos plans que están levando a cabo en Cambre, tamén sobraría facer a moción, que tamén é un traballo.

Concedida a palabra a dona María Olga Santos López dille á concelleira do equipo de goberno que, primeiro, non supoña que non saben o que se está facendo e o que se está deixando de facer. Segundo, eles teñen copia do Plan municipal para a igualdade de oportunidades, xa o leron, traballaron nel e o estudaron, e tivo o respecto de deixala facer toda a súa exposición porque todas esas medidas benefician ás mulleres, e por iso non ten en conta o beneficio político que poida obter por esa lectura, non lle quita ese momento de gloria, porque, ao final, está claro que a beneficiada é a muller e as políticas de igualdade.

Pídelle que non se lle ocorra volver dicir que os políticos non saben ata que punto pode chegar o traballo nun concello, porque no lado da oposición tamén se traballa.

Concedida a palabra a don Alfredo Rodríguez Abella, voceiro do BNG, manifesta que o seu grupo vai votar a prol da moción.

Concedida a palabra a don José Antonio Baamonde López, voceiro do GM, manifesta que tamén está totalmente a prol.

Sometido o asunto a votación ordinaria, votan a prol os sete concelleiros do PP, os cinco concelleiros do PSdeG-PSOE, os dous concelleiros presentes de UxC, os dous concelleiros de EU, os dous concelleiros do BNG e os dous concelleiros do GM.

A Corporación, por unanimidade dos vinte concelleiros asistentes á sesión, aprobou a moción tal e como foi transcrita.

A continuación, o Sr. alcalde explica que teñen unha moción presentada polo grupo do BNG que non vai permitir ler, xa que, como xa dixo nas comisións informativas, o Pleno de Cambre non pode ditaminar sobre esta moción, e ademais preséntase datada en Santiago de Compostela o día 17 de febreiro de 2012. Dille ao voceiro do BNG que ten que ler o artigo 125 do Regulamento orgánico municipal.

7º Informes da Alcaldía

De orde do señor presidente, a secretaria da Corporación dá conta do seguinte asunto:

- Da Resolución da Alcaldía núm.193 de data 8 de febreiro de 2012, que consta da seguinte parte dispositiva:

“Primeiro: Avocar a delegación xenérica efectuada a prol de don Felipe Andreu Barallobre dende o día 13 ao 17 de febreiro de 2012, ambos os dous incluídos, a partir dos cales continuará no exercicio das funcións que lle foron delegadas por esta Alcaldía segundo Resolución de data 17 de xuño de 2011.

Segundo: Publicar a resolución no Boletín Oficial da Provincia e dar conta ao Pleno na vindeira sesión que teña lugar.”

8º Rogos e preguntas

Rogos do PSdeG-PSOE presentados por escrito

Rexistrados de entrada ao núm. 1992 o día 18 de febreiro de 2012, xunto coas preguntas para este pleno.

1º No horario de entrada e saída dos nenos ao CEIP de Brexo-Lema e debido á ausencia de prazas de aparcamento de vehículos suficientes, prodúcense embotellamentos, sobre todo no camiño que comunica a estrada provincial de Lema a Bribes coa de Lema a Sta. María de Vigo e que bordea as instalacións do citado colexio. Pola estreiteza deste vial municipal e polo aparcamento de vehículos nel, prodúcense diariamente retencións na circulación. Por todo o anterior:

Solicitamos se estude a posibilidade de sinalizar o citado camiño municipal como de dirección única, co fin de lograr unha circulación máis fluída.

Don Manuel Marante Gómez contesta que están de acordo, e pregunta se o PSOE ten algunha proposta en canto a en que dirección poñer ese camiño, no sentido que baixen os coches cara a Bribes ou que suban de Bribes para Sta. M^a de Vigo.

Dona María Luisa Sanjurjo Cacheiro, concelleira do PSdeG-PSOE, contesta que iso é algo que pode estudar o goberno, talvez en función das entradas ás casas. Como a entrada vén da estrada de Vigo, pode que a mellor estrada sexa esa, xa que os buses veñen por aí.

Don Manuel Marante Gómez sinala que, con independencia de que estuden todo, cre que aí van ter un problema, porque os coches que entorpecen son os que se meten da estrada que vai de Brexo a Vigo, que se meten en dirección á de Brexo a Bribes. Teñen aparcadoiro por toda a beirarrúa para poder deixar os coches, pero o que fan é ir e deixar o neno á porta do colexio, e os que veñen de abaixo, para poder vir por aí terían que ir dar a outra volta, senón non poden. Cre que o que hai que facer é prohibirlles facer iso a eses coches, que son os que teñen sitio para aparcar. Habería que poñer a dirección obrigatoria para arriba, dende a de Bribes cara á de Sta. M^a de Vigo.

Conclúe dicindo que o van a estudar e van valoralo.

Don Augusto Rey Moreno, voceiro do PSdeG-PSOE, manifesta que vale a pena miralo sobre o terreo, porque cre que incluso son poucas as vivendas que se verían afectadas por ese cambio de dirección. Se queren, poden ir un día a miralo, porque non é curtar todo o camiño que vén dende Lema o Bribes cara arriba, é só un treito.

2º Á altura do bar Casa Manuel, sito en Freande, para o autobús que recolle aos nenos para levalos ao instituto. Moitos deles veñen da zona de Bellavista e vense obrigados a cruzar a estrada autonómica en condicións de escasa visibilidade, xerándose situacións de serio perigo para a integridade física dos rapaces. Por todo iso:

Solicitamos se adopten as medidas de seguridade viaria oportunas (p. ex. instalación de paso de peóns) destinadas a acabar con esta situación de potencial perigo para os viandantes.

Don Manuel Marante Gómez contesta que están preparando un proxecto para solicitarlle á Xunta a instalación de varios pasos de peóns na estrada que vén dende Aián ata A Mota. Nese proxecto está incluído un paso de peóns aí, entre outros, como Pravio, Volta das Carrozas, etc. Tan pronto como o teñan poderán resolver eses problemas. Agardan que o acepten, porque, como todos saben, ten que haber beirarrúas dos dous lados para que poñan un paso de peóns.

Don José Manuel Lemos Seoane, concelleiro do PSdeG-PSOE, en relación con este tema, di que tamén noutra estrada con moita afluencia de tráfico rodado, a Ctra. Cambre-Temple, que é da Deputación, parécelle que tamén o equipo de goberno tiña pensado unha reunión cos técnicos para valorar a instalación de varios pasos de peóns.

Di que sería importante, porque a demanda dos veciños é importante ante a situación que hai de perigo, nun sitio e noutro.

Don Manuel Marante Gómez contesta que a semana pasada, ou a anterior, estiveron cos técnicos responsables da Deputación, revisando non só esa estrada, tamén a que vai aos Campóns, de feito hoxe pintouse un paso de peóns no instituto de Sigrás, outro preto do centro de saúde motivado en que van intentar que o transporte metropolitano, o microbús que vai ás parroquias, suba para arriba. Ata agora os veciños tiñan que vir ao centro de Cambre e despois baixar ao centro de saúde a pé, agora vai subir por diante do colexio. Van poñerlle unha parada abaixo, no principio da rúa, co cal todos os veciños que veñan desa zona xa lles para o autobús aí, por iso se puxo o paso de peóns. Tamén estiveron vendo temas da estrada que vai de Brexo-Lema a Orto, da de Andeiro, Espírito Santo, onde tamén se pintou outro paso de peóns que pedían os veciños en Lendoiro, etc.

Conclúe dicindo que están co tema.

3º Ven sendo un tema moi recorrente, dende hai anos, a carencia de prazas de aparcamento na zona do Graxal, e máis en concreto na zona máis comercial: zona das rúas Constitución, Padre Feijoo e Paseo Marítimo. Esta carencia ocasiona as continuas queixas dos comerciantes e hostaleiros da zona que ven prexudicados os seus intereses. Sendo certo que o espazo existente é moi limitado, cabería a posibilidade de xerar novos aparcadoiros actuando no contorno da beirarrúa do Paseo Marítimo. Por todo iso:

Solicitamos se leve a cabo un proxecto técnico destinado a estudar a creación de novas prazas de aparcamento na zona sinalada.

Dona Rocío Vila Díaz contesta que xa se estiveron dando pasos nesta dirección. O Sr. alcalde estivo o 26 de xaneiro deste ano falando con don Rafael Eimil, porque é unha zona na que están afectados por Costas, para que lles dea a súa opinión ao respecto. Tamén o 9 de febreiro deste mesmo ano estivo falando coa asociación de veciños do Temple, para trazar con eles cal sería a mellor solución a esta situación. A partir de aí redactarán o proxecto.

Don Augusto Rey Moreno, voceiro do PSdeG-PSOE, manifesta que cre recordar que un dos problemas que había era a zona de servidume de Costas, que non estaba moi ben definida, e que é o que lles pode permitir actuar dunha forma ou doutra.

Rogos de EU presentados por escrito

Rexistrados de entrada ao núm. 2046 o día 20 de febreiro de 2012, xunto coas preguntas para este pleno.

1º Recentemente os concellos do Consorcio das Mariñas reclamaban á Xunta de Galicia a execución do último tramo da vía Ártabra entre a autoestrada AP-9 coa autovía A-6.

Pola trascendencia e importancia deste feito sobre a planificación viaria na área metropolitana, e ante a inxuedanza dun amplo colectivo de posibles afectados, tendo en conta que se está tramitando o PXOM, sen saber de que maneira vai quedar afectado o territorio por onde discorrerán as vías de nova creación:

O noso grupo prega se nos informe da situación respecto da mencionada infraestrutura e sobre as posibles alternativas na elaboración dun plan de mobilidade na área metropolitana para evitar os continuos atascos na circulación.

O Sr. alcalde contesta que o tema da Vía Ártabra é un tema recorrente, na prensa sae moitos días e aquí foi ámbito de discusión durante moito tempo. El pode informarlle que ese tramo da Vía Ártabra quedou en suspenso nun determinado momento pola Xunta de Galicia. A Xunta de Galicia encargou un estudo de mobilidade para ver a necesidade dese tramo da Vía Ártabra entre a AP-9 e a A-6, non o tramo que conxiona a N-VI, que é onde está agora a Vía Ártabra, coa AP-9, porque ese tramo vaise executar.

Na Comisión de Infraestruturas do Consorcio das Mariñas falouse deste asunto e vaise formar un grupo técnico, formado por técnicos e políticos, para determinar o trazado que quere Cambre para esa infraestrutura. Di que é certo que no documento de inicio do Plan de ordenación municipal figura aínda a Vía Ártabra co trazado tal e como foi aprobado, pero é o documento de inicio, que pode ser modificado cando de verdade o aprobe a Xunta e se poida empezar a traballar no plan.

Como dixo, o que se pretende no Consorcio das Mariñas, onde estaba o alcalde de Culleredo, o alcalde de Oleiros, o alcalde de Sada e o alcalde de Cambre, así como o presidente do Consorcio, é formar ese grupo de traballo. Por exemplo, a Vía Ártabra no seu paso por Oleiros sufriu moitas modificacións, en principio estaba trazada con dúas entradas e dúas saídas, tal e como recoñeceu o rexedor de Oleiros, e agora está acabada con cinco entradas e saídas, que é de verdade o que vertebra o territorio. Pola contra, tal e como está o trazado da Vía Ártabra neste momento para Cambre, ademais recoñecido polo resto de alcaldes da comarca, o único que fai é dividir o municipio en dous, pero sen que os veciños poidan usar a Vía Ártabra, todos terían que ir a Cela, a menos que vivan ao lado da autovía A-6.

Por iso, aprobouse que se ía formar unha comisión dos catro concellos implicados, porque Sada tamén ten os seus problemas, políticos e técnicos, para facer un trazado, e propoñelo aos veciños de Cambre na redacción do Plan de ordenación municipal.

Don Luis Miguel Taibo Casás, voceiro de EU, manifesta que o proxecto de Vía Ártabra que no seu momento se aprobou polo Pleno de Cambre, contaba cunha serie de conexións, xa que, efectivamente, se fan unha vía sen accesos é unha vía practicamente morta. Niso cre que están todos de acordo, pero di que o sentido deste rogo é que a xente bota de menos a información, porque agora estaban afectados por unha reserva concreta de solo, e no futuro non saben exactamente onde van estar. Por iso apremia bastante que se poñan de acordo os alcaldes do Consorcio das Mariñas.

Di que outra cousa que botan de menos, e que ás veces teñen que recorrer aos medios de comunicación para informarse sobre o Consorcio das Mariñas. Unha vez máis ten que lembrarlle ao Sr. alcalde que lles debería transmitir máis información directa do que fan os responsables do Concello de Cambre cando van ao Consorcio, porque están vendo continuamente publicadas nos medios noticias do Consorcio, e determinacións que se toman, e os grupos políticos de Cambre non teñen nin idea.

Conclúe dicindo que, se lles facilitaran documentación sobre o que se trata no Consorcio das Mariñas, igual xa non había necesidade deste tipo de preguntas e rogos.

O Sr. alcalde responde que el gábase de dar a información que ten. El xa o explicou aquí en contestación a outra pregunta que o Sr. Taibo lle fixo. El dálle a información que hai. Ao mellor os medios de comunicación van ao Consorcio das Mariñas, entrevistan ao presidente e este fai declaracións, iso non o vai dubidar, pero el o que lle pode dicir é que no Consorcio das Mariñas plenos convocados en forma e prazo foron tres. A primeira vez xa lle dixo para o que foi, para constituír o novo equipo do Consorcio das Mariñas e destituír ao xerente. A segunda vez foi polo tema da lacería, e o terceiro foi este último, no que el foi á Comisión e don Felipe Andreu ao Pleno, e o que trataron foi precisamente o tema das infraestruturas, e iso foi o que lle dixo, esa é a información que ten, non ten máis.

Explica que tamén lle reclamou información á Xunta de Galicia, e a Xunta ten adxudicado un estudo de mobilidade. Nese estudo de mobilidade contéplanse, lxicamente, as novas infraestruturas, como son a apertura da Terceira Rolda, a ampliación da AP-9 e o acceso da AP-9 ao aeroporto. En función do que resulte dese estudo de mobilidade, así vai discorrer o trazado da Vía Ártabra. El a información que pode dar é a que xa deu, aínda que os veciños estean intranquilos, porque el tamén pode estar intranquilo, xa que lle collen parte do terreo, e tamén á súa nai, pero non pode dar máis información, é a que ten.

Don Luis Miguel Taibo Casás manifesta que está seguro que o Sr. alcalde comprende perfectamente a inquedaanza do seu grupo e dos veciños, pero non soamente no referente á Vía Ártabra, senón tamén respecto do Plan de mobilidade ao que se referiu o Sr. alcalde, porque ese plan afecta dunha maneira moi importante a Cambre. Dende o momento en que comece a funcionar a Terceira Rolda van ter medio Cambre colapsado, porque o cruzamento da Rocha vai estar colapsado, co perigo que iso supón. Di que teñen que ir prevendo que pensa facer a Xunta, que pensa facer o concello, por iso eles formulan estas cuestións, para que o equipo de goberno teña presente a necesidade de negociar coa Xunta e con quen proceda, porque lles ten que preocupar moitísimo o Plan de mobilidade. Xa o dixeron, un concello sen accesos é un concello morto.

O Sr. alcalde responde que primeiro terán que facer o estudo, e cando o teñan, informarán, pero antes non pode. El sabe que o estudo está contratado e que o están facendo, pero non pode informar del porque non o coñece, nin está concluído tampouco. El cando o teña dará a información fidedigna.

2º Segundo informacións do goberno local, a entidade promotora da gasoleira de Amil, non accede a negociar ningún tipo de alternativa de cambio na situación, nin outras posibles solucións.

Pregamos ao goberno que no ámbito dos instrumentos legais da súa competencia, explore e poña en marcha todas as vías, dentro da propia legalidade para revogar a concesión da licenza, e faga efectivo o contemplado na Resolución 1337/2011 da concelleira delegada da área de Urbanismo e Medio Ambiente, en relación coa contestación ao recurso de reposición presentado polo grupo municipal de “Esquerda Unida” con data de 1 de xullo de 2011.

O Sr. alcalde contesta que, en primeiro lugar quere facer constar que a Resolución 1337/2011 non é da concelleira delegada, senón da Alcaldía, pero que iso dá o mesmo. Di que todos saben que o tema da concesión da licenza da gasoleira foi un dos primeiros asuntos que lle ocuparon dende que tomou o goberno. El non ten forma legal de revogar esa licenza, a menos que queira meter ao Concello de Cambre nun problema moi grave, xa que segundo os estudos xurídicos do propio concello, a licenza está perfectamente outorgada.

Tamén recorreu ao gabinete xurídico da Deputación Provincial, e dixeron que non hai nada que facer. Incluso recorreu ao gabinete xurídico das súas propias empresas, e dixéronlle que é inútil, que a licenza está perfectamente dada e non se pode revogar.

Aínda así, se isto crea unha desconfianza, comprométese a levar todo o expediente da gasoleira a un gabinete xurídico externo, para que fagan un informe, pero iso é o máis que pode facer, porque, revogar a licenza, non pode facelo, xa que cometería unha ilegalidade e metería ao concello nun problema irresoluble.

Di que el buscou todas as posibilidades, e incluso paralizaron as obras porque faltaba a autorización da Deputación para as augas pluviais. Agora xa teñen o documento e está todo legal.

Don Luis Miguel Taibo Casás, voceiro de EU, manifesta que o seu grupo con este rogo o que solicita é que o Sr. alcalde actúe dentro do seu ámbito, da legalidade e dos instrumentos que ten, por exemplo, solicitando ese informe do que falou, porque é certo que o Sr. alcalde pode meter ao concello nun problema, pero os veciños da gasoleira xa teñen o problema enriba.

Por outra parte, di que é certo que o Sr. alcalde levou a cabo a paralización da gasoleira, pero el cre que debería dicir o motivo fundamental polo que se fixo así, e ese motivo foi como consecuencia dun recurso que presentou o grupo municipal de EU. Nese recurso, que foi desestimado, figuraban dous puntos, á parte da recollida de pluviais tamén estaba o tema das tomas, das bocas de carga de combustible, que non estaban a máis dos catro metros que teñen que estar.

Di que iso é o que o Sr. alcalde tería que ter feito, pero xa antes, xa tivo tempo de paralizar, e ao mellor é certo que non é nada, que son parches, pero pode que con eses parches algo se vaia conseguindo. Coa dilixencia que se fan outras cousas, tamén se debería facer esta.

O Sr. alcalde responde que ao mellor é que resulta demasiado escueto en explicar as cousas, referiuse ás pluviais, pero é igual, pluviais, bocas de carga, etc., está de acordo, pero non é ese o problema, o problema é que están falando de revogar unha licenza. El sabe que os veciños de aí teñen un problema, e se el tivera unha vara máxica e puidera solucionalo, solucionábao, porque todos saben que dende o principio el se implicou nese tema, incluso a nivel persoal, pero o que non pode facer é revogar unha licenza e meter ao concello nunha indemnización millonaria que van pagar todos os veciños de Cambre, porque esa é a realidade.

A empresa que ten a concesión da licenza da gasoleira ten un bo avogado, e el, como político responsable, non pode meter ao concello nunha indemnización millonaria, porque sabe que a van a reclamar. Di que fará todo o posible, que se fará un informe técnico, se fai falta irán a un gabinete xurídico, e se houbera maneira de paralo, faralo. Iso é o único que pode dicir.

Don Luis Miguel Taibo Casás expón que o único que se lle pide é que faga todo o que estea ao seu alcance e ao alcance do seu goberno. Respecto do tema dos informes, cre que foi no pleno pasado cando solicitaron que se elaborara un informe pola Policía Local onde se contemplara que as circunstancias que había hai 13 anos, respecto do tráfico na Ctra. Cambre-Temple, agora cambiou moitísimo. Disto hai un mes, e o Sr. alcalde dixo que se estaba facendo ese informe, pero eles non teñen coñecemento de que exista tal informe, que, ao mellor, podería ser unha base importante para as súas peticións, porque evidentemente o tema do tráfico cambiou moitísimo, e a perigosidade da estrada tamén, e aí tamén terá que informar a Deputación.

Gustaríalles que se está o informe, que se lles facilitase, porque están buscando todas as posibilidades para intentar o que todos queren.

O Sr. alcalde responde que cre que todos están de acordo con iso. El falou do informe co inspector xefe da Policía Local, e poden facer un informe, pero pregunta se o informe é sobre o número de coches que pasan, porque iso xa o saben. Distinto é o tema de saber cantos deses coches van parar na gasoleira, e iso non o poden dicir porque a gasoleira non está feita. En todo caso, se quere un informe, o luns diralle ao xefe da Policía que faga un informe sobre o número de coches que circulan por esa estrada, e darállelo en poucos días, pero é o máis que poden dicir, e ademais é algo que xa saben, porque hai estatísticas dos vehículos.

Conclúe dicindo que entende que queiran agarrarse a un clavo ardendo, pero o problema é que el non ten maneira de facer outra cousa.

Don Luis Miguel Taibo Casás di que todos saben a cantidade de coches que pasan, pero hai que saber se esa cantidade implica perigo nun punto concreto. Explicar o perigo que supón que haxa máis tráfico no punto onde se vai instalar a gasolinera, porque os coches terán que parar, e os que van para Amil tamén terán que parar, iso é ao que se refire el, e cre que a Policía Local pode facer, perfectamente, unha valoración da situación que cambia substancialmente de hai 13 anos, agora.

3º O pasado xoves publicábase nos medios de comunicación o ofrecemento que en calidade de alcalde de Cambre, realizaba en nome do concello á familia do empresario Amancio Ortega en relación coa voda da súa filla. Segundo as informacións temos constancia de que o empresario rexeitou o dito ofrecemento.

Dende a nosa organización e tamén de veciños/as que o solicitaron, co obxecto de aclarar tal actuación presentamos o seguinte rogo:

Se nos informe en que consistía tal ofrecemento e cal é o interese xeral que motivou a actuación da administración local para poñer en disposición dunha persoa no seu ámbito estritamente privado os servizos públicos do concello.

O Sr. alcalde contesta que é unha pregunta cargada de demagogia. Todo o mundo sabe quen é Amancio Ortega, todo o mundo sabe que ten un pazo en Anceis, e todo o mundo sabe que ía realizar unha voda un sábado pola tarde. Di que el non falou con Amancio Ortega, nin fala con el habitualmente, a el chamouno o xefe de seguridade do grupo Inditex para dicirlle que eles xa tiñan avisada á Garda Civil e tamén tiñan a súa propia compañía de seguridade. El o único que lle dixo foi que ao mellor no cruzamento, no desvío de Anceis, a Policía Local podería organizar o tráfico, todo dependendo da xente que fora ir. Di que ese foi o único ofrecemento que fixo, e o xefe de seguridade díxolle que non facía falta, porque se ía encargar a Garda Civil.

Di que, independentemente diso, el pon a disposición de Amancio Ortega ou a disposición de calquera veciño de Cambre, cando hai enterros en Anceis, en Sigrás ou onde sexa, pon a súa disposición á Policía Local, para que regule o tráfico, non fai máis.

Conclúe dicindo que incluso, ao mellor, por esta voda a xente sabe internacionalmente onde queda Cambre.

Dona María Olga Santos López, concelleira de EU, manifesta que demagogia, non, demagogia foi o que acaba de facer o Sr. alcalde. O texto do rogo é un texto absolutamente neutral, e non sabe porque se pon á defensiva cando o que están pedindo é que lles informe en que consistía tal ofrecemento e cal é o interese xeral que motivou a actuación da administración local para poñer a disposición dunha persoa, no seu ámbito estritamente privado, os servizos públicos do concello.

Non sabe se é que ao Sr. alcalde, unha vez máis, o traicionan as palabras, ou as declaracións, porque na prensa o que se publica é que se ofrece a colaboración do

concello para o desenvolvemento do enlace nupcial. Di que ela dubida que, de súpeto, o xefe de seguridade decida chamar ao alcalde. Ela cre que hai un ofrecemento previo. Ademais, este rogo tiña un carácter totalmente construtivo, non destrutivo.

Sinala que se trata de actuacións privadas, e ela pode alegrarse moitísimo de que Amancio Ortega case á súa filla, e como persoa privada pode poñer a disposición deles o que queira, pero como alcalde, como máximo mandatario do Concello de Cambre, implica poñer a disposición dun particular os servizos do concello. Veñen de debater hai menos dun mes o pleno de orzamentos e están dicindo que non teñen cartos, que están buscando onde investir, etc., e resulta que poñen ao servizo dun señor que casa á súa filla, a cal vai herdar un imperio de 455.000 millóns de euros, os servizos do concello.

Continúa dicindo que ese beneficio internacional ao que o Sr. alcalde se refire, non existiu, porque o hermetismo foi absoluto, a empresa de catering, belga, a organización, toda externa. Ou sexa, participación do concello, ningunha.

Como lle dixo ao principio este era un comentario simplemente construtivo. De cara a futuras ocasións o que poden facer é coller ese logotipo tan precioso recentemente inaugurado, e mandarlle unha tarxeta ao Sr. Amancio Ortega dicíndolle o contentos que están con que case a súa filla. Ese era unicamente o motivo do seu rogo.

O Sr. alcalde responde que el non ten ganas de falar máis deste tema. A Sra. concelleira pode pensar o que queira, el o que lle pode dicir é como sucederon as cousas. Se a ela lle parece que non o chama o xefe de seguridade de Inditex, que o coñece hai 32 anos, non pode facer nada. En canto á empresa de catering, ao mellor era belga, pero a empresa de fontanería era de Cambre, e todos saben que en Cambre hai moitos veciños que traballan no grupo Inditex, e Amancio Ortega, se ten aí un pazo, paga os impostos no Concello de Cambre.

Di que cando o chamaron, que el nunca chamou, o único que fixo foi ofrecer a intervención da Policía Local por se facía falta regular o tráfico, e dixéronlle que nin iso, que non facía falta. Foi o único, el non sabe por que lle dan tantas voltas, e comezan co catering, coa carpa, etc.. El fixo o que tiña que facer e era a súa obrigación, e cando calquera veciño ten, por exemplo, un enterro en Anceis, el ten que mandar á Policía a regular o tráfico, é o normal.

Conclúe dicindo que non fixo ningún extraordinario que non tivera feito con calquera veciño, non fixo máis, e non ten por que mandarlle ningunha tarxeta a Amancio Ortega, nin en nome do concello, nin en nome propio.

Dona María Olga Santos López manifesta que, o día que ela case, agarda que tamén lle poida chamar o seu xefe de seguridade para ver se lle acorda a zona.

Preguntas do PSdeG-PSOE presentadas por escrito

Rexistradas de entrada ao núm. 1992 o día 18 de febreiro de 2012, xunto cos rogos para este pleno.

1ª Dende hai meses veñen levándose a cabo obras de remodelación nas rúas Pígara e Padre Feijoo. Os traballos execútanse a un ritmo excesivamente lento debido, sobre todo, a escaseza de man de obra achegada pola empresa contratista. Esta lentitude distorsiona a vida dos veciños da zona que teñen que sufrir o levantamento das beirarrúas, cortes no pavimento co conseguinte barro na calzada, nubes de po, etc. Diante desta situación o noso grupo pregunta:

Que medidas ten pensado adoptar o goberno local para acelerar a finalización das citadas obras?

Don Manuel Marante Gómez contesta que, efectivamente, as obras van máis lentas do que a todos lles gustaría. Agora mesmo hai pouca xente traballando, pero é porque practicamente están rematando as beirarrúas, pero houbo momentos nos que houbo bastantes operarios traballando, pero era porque se trataba de obras moi complexas, polo tema das canalizacións que pasan por alí.

Di que os veciños saben que el está alí case todos os días, presionando, tratando de resolver problemas, xa que, é certo que houbo algúns problemas que trataron de resolver de inmediato, fundamentalmente con negocios nas datas do Nadal e polo 14 de febreiro, pero máis diso el non pode facer nada. En todo caso, a pesar dos prexuízos que agora se están producindo, tal e como vai quedando, pensa que, ao final, vai repercutir en beneficio de todos os veciños nos vindeiros anos.

Conclúe dicindo que, como xa dixo, están intentando acelerar ao máximo, e o compromiso que teñen é que no próximo mes queden totalmente rematadas, agás a parte de atrás da rúa Pígara, na parte de atrás do edificio, que ao mellor o mes que vén non dá tempo a rematar, pero o resto, que é o que máis molesta, si.

2ª No pasado mes de setembro, unha vez rematado o procedemento de licitación (incluída a dirección de obra), o goberno local adxudicou a obra da cuberta da pista polideportiva do colexio Portofaro, instalación necesaria e de urxente execución para o desfrute dos escolares. Pois ben, seis meses máis tarde, esta obra segue sen ter comezdo, sen que saibamos que razóns motivan esta situación.

Ante a incerteza que manifestan, tanto pais e nais como profesionais do colexio Portofaro, é polo que o noso grupo pregunta:

Cales son as razóns de que esta obra, adxudicada hai xa seis meses, que é de coñecida urxencia, non se atope en proceso de execución?

Dona Rocío Vila Díaz contesta que se detectou un erro no proxecto, consistente en que a situación que se adoptaba para a cimentación non era a adecuada. Requiríuselle ao director de obra que faga un informe onde indique cal sería, ao seu modo de entender, a solución adecuada para o terreo no que están. Xa se fixo ese informe, entregouse no concello o 31 de xaneiro deste ano, e nel propónse unha solución. Agora enviouse ese informe ao redactor do proxecto para que no prazo de tres días formule as alegacións que estime oportunas, se neste período non contesta terá un prazo de quince días para redactar un novo proxecto. Di que nese punto están.

A continuación, trátase a pregunta do grupo PSdeG-PSOE presentada por escrito e rexistrada de entrada ao núm. 2130 o día 22 de febreiro de 2012.

3ª O día 19 de decembro de 2011, o concelleiro delegado de Réxime Interior, Patrimonio e Contratación asinou unha resolución pola que se aproban as bases e se convoca proceso de selección de funcionario de carreira correspondente a unha praza de coordinador de actividades culturais e educativas, incluída na oferta pública de emprego do concello do ano 1999. Tendo en conta que a lexislación vixente establece unha caducidade das ofertas de emprego de 3 anos, este grupo pregunta:

En que informe técnico-xurídico se apoia a devandita convocatoria?

Don Felipe Andreu Barallobre contesta que, como ben se di na pregunta, a lexislación actual fala de 3 anos, pero no ano 1999, que foi cando se fixo esta oferta de emprego público, era de 15 anos. O funcionario xefe de Réxime Interior, que é o encargado de informar este asunto, considerou que non facía falta facer o informe. Ante as dúbidas que dende o grupo socialista xa lle teñen manifestado varias veces, onte, cando recibiu a pregunta, pedíulle a ese técnico que fixera o dito informe. En canto o teñan, farállelo chegar.

Dona Margarita Iglesias Pais, concelleira do PSdeG-PSOE, manifesta que agarda o dito informe, xa que lle parece moi discutible esa opinión, sobre todo tendo en conta que pasaron 13 anos dende a oferta.

Preguntas de EU presentadas por escrito

Rexistradas de entrada ao núm. 2046 o día 20 de febreiro de 2012, xunto cos rogos para este pleno.

1ª Pode informarnos o goberno a canto ascenden os gastos ocasionados polo traslado do arquivo municipal a outras dependencias fóra do concello é o lugar do seu destino provisional?

Don Felipe Andreu Barallobre contesta que non lle pode informar porque aínda non se fixo o traslado. Di que o motivo para que aínda non se teña feito é que, nas distintas reunións que tiveron co persoal, e concretamente cos responsables do arquivo, decidiron

que o inventario que hai que facer, é dicir, o listado de todos e cada un dos expedientes que hai no arquivo, en vez de encargalo a unha empresa externa, prefiren facelo con persoal propio.

O que lle pode avanzar, polas conversacións que tiveron con varias empresas, é que é moi probable que o arquivo non saia do termo municipal de Cambre, e, máis ou menos, porque isto ten que ir a un procedemento de contratación, agardan que o custo mensual da instalación e custodia no arquivo non supere os 1000 euros/mensuais.

Don Luis Miguel Taibo Casás, voceiro de EU, manifesta que lles parece unha cantidade bastante substancial. Di que esta pregunta viña un pouco porque trascendeu aos medios de comunicación o traslado do arquivo e tamén para saber que posibilidades van ter as persoas que queiran acceder a ese arquivo, para a súa consulta ou estudo.

Don Felipe Andreu Barallobre contesta que a regulación vai ser a mesma que existe agora. Os expedientes que están arquivados son públicos, e quen queira acceder a eles ten que solicitálos e facilitaráselle.

En canto ao tema de que os 1000 euros lle parecen algo caro, el supón que será incluso menos, pero, para que se poida facer unha idea, o ático onde agora está o arquivo son uns 400 m². Pregúntalle onde poden conseguir o alugamento dun baixo dese tamaño por menos de 1000 euros, e, ademais, non están falando só do alugueiro do local, tamén están falando da custodia e da entrega e recollida de documentos cando se necesiten. Ou sexa, que lles van prestar servizos que agora mesmo está prestando persoal municipal, que se poderá dedicar a outras tarefas.

2ª Veciños do Temple denunciaron ante a nosa organización que na praza José Luis Caso Cortines, nas ventás dunha edificación existen cristais rotos que boa parte deles xa se teñen desprendido á propia praza, con risco grave de producir danos ás persoas que diariamente circulan polo lugar. Este feito foi posto en coñecemento do responsable da área; a día de hoxe non observamos que se teñan tomado accións preventivas ou correctoras para dar solución ao problema.

Poden informarnos das xestións realizadas e das medidas tomadas para a eliminación do risco que orixina a existencia dos mencionados cristais?

Don Manuel Marante Gómez contesta que hai uns días o Sr. Taibo avisoulle deste tema, ao día seguinte el foi comprobalo e púxose en contacto coa inmobiliaria que ten alí os carteis de alugueiro do local. Dixéronlle que non sabían nada e que inmediatamente se poñían en contacto co propietario do local para que solucionase o tema.

Di que o que non debeu facer é fiarse, porque a día de hoxe seguen estando alí, como puido comprobar a raíz de que EU presentara esta pregunta. Volveu chamalos e pediulles explicacións. Non era a mesma persoa coa que falara a outra vez e díxolle que

o propietario do local adoitaba viaxar bastante, que estaba ausente e que non deran contactado con el.

El pediulles esta mañá que foran por alí e, polo menos, quitaran os cristais. Agarda que os quiten entre hoxe e mañá.

Don Luis Miguel Taibo Casás, voceiro de EU, manifesta que, á parte das medidas que ten que tomar o propietario de quitar os cristais, cre que o concello tamén ten que tomar algún tipo de medida respecto da praza. Cre que non custaría moito poñer uns conos e cintas alí, delimitando o paso.

En todo caso di que tiveron moitísimo tempo para facelo, tanto os propietarios como o concello, xa que o comunicou o día 24 de xaneiro, hai un mes.

Don Manuel Marante Gómez reconece que a culpa foi del, xa que se fiou do que lle dixo a persoa da inmobiliaria e non volveu por alí ata que viu a pregunta. Pero xa dixo, se mañá non están quitados, valarán a zona.

3ª Ante as carencias en materia de infraestruturas de carácter social no concello, o noso grupo pregunta:

Que información ten o goberno respecto da construción do centro de saúde, centro de día e escola infantil na parcela cedida á administración autonómica para tal fin na parroquia do Temple?

Dona Mª Jesús González Roel contesta que o centro de saúde está licitado e están á espera da recepción do proxecto, supoñen que agora no mes de marzo llelo entregarán. En canto á escola infantil, está comprometida para o ano 2013. E do centro de día, solicitaron información, pero de momento non teñen ningunha noticia.

Don Luis Miguel Taibo Casás, voceiro de EU, manifesta que se aledan de que o centro de saúde estea licitado, e agardan que o resto de infraestruturas leven un ritmo un pouco máis rápido que levaron as anteriores.

E non habendo máis asuntos que tratar, o señor presidente levantou a sesión cando son as vinte e dúas horas e trinta minutos, do que eu, secretaria, certifico.

O presidente

A secretaria xeral

Manuel Rivas Caridad

Mª Luisa de la Red Ampudia